

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 7

SESION ORDINARIA DO 27 DE ABRIL DE 2009

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta

Lago Rey, María Jesús
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Muñoz Posse, Carlota
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Veloso Ríos, Iolanda

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día vinteseite de abril do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral accidental do Pleno que asina D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Álvarez Álvarez e Mariño Mendoza e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos

asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria fixada para o día de hoxe con data da orde do día do 23 de abril, que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Ábrese sesión pública.

Quero iniciar a sesión facendo expresa felicitación da Presidencia ó Sr. Guerra, anterior concelleiro deste Pleno, polo seu nomeamento como Conselleiro de Economía e Industria. Tamén fago expreso recoñecemento á Sra. Porro polos seus anos de traballo nesta Corporación en diferentes cargos, ante o seu eminente nomeamento coma Presidenta do Porto, desexándolle tamén os mellores éxitos no seu novo posto institucional que seguro que van ser os mellores para esta cidade de Vigo.

Adicionalmente quería notificar tamén ó Pleno que se nomeou Secretario Xeral da Consellería de Economía e Industria ó anterior Secretario Xeral do Concello, Sr. Riesgo Boluda, a quen substitúe accidentalmente o Sr. Lorenzo Penela.

Ó mesmo tempo queríalle dar a benvinda a este Pleno como Concelleiro-Delegado a D. Eudasio Álvarez que se estrea tralo nomeamento por parte da Alcaldía como concelleiro-delegado de Patrimonio Histórico, aínda que o coñecemento formal darase máis adiante, no seguinte Pleno, porque se nomeou logo da realización da orde do día na Xunta de Voceiros.

1.- (60).- ACTA ANTERIOR. (S. EXTR. 02.02.09 E ORD. 26.02.09)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas do Pleno correspondentes á sesión extraordinaria que tivo lugar o 2 de febreiro de 2009 e máis da sesión ordinaria do día 26 do mesmo mes.

2.- (61).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 13.04.09 POLA SE DA DE BAIXA COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL A D^a ELENA MAURE NOIA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 13 de abril de 2009 a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Mediante Resolución de data 20 de xuño esta Alcaldía nomeaba membro da Xunta de Goberno Local a D^a ELENA MAURE NOIA que non ostenta a condición de concelleira. Así mesmo mediante resolución de data 5 de xullo (BOP 18.12.2007) esta Alcaldía encomendaba a dirección da Área de Patrimonio Histórico á mencionada membro da Xunta de Goberno Local. Mediante Resolución de data 20.07.2007 esta Alcaldía acordou que D^a ELENA MAURE NOIA desempeñara as funcións propias do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais correspondentes.

De conformidade co previsto no art. 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resolvo:

Primeiro.- Separar a D^a ELENA MAURE NOIA como membro da Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Modificar a miña resolución de data 5 de xullo no sentido de que as funcións inherentes á Área de Patrimonio Histórico sexan desenvolvidas polo concelleiro D. Xesús López Carreira.

Terceiro.- Comunicar esta resolución á interesada e ó concelleiro afectado así como á Xefatura de Patrimonio Histórico e as dependencias municipais de Tesourería e Persoal.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de que teña coñecemento da mesma de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co art. 38.d) do mesmo corpo legal.”

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Querería facer pública a nosa felicitación a D^a Elena Maure polos traballos que fixo durante dous anos neste Pleno como concelleira deste goberno, recoñecerlle o seu traballo a prol desta cidade e desexarlle os maiores éxitos e logros na súa nova andaina profesional.

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación a anterior resolución.

S.Ordinaria 27.04.09

3.- (62).- CAMBIO DUN REPRESENTANTE VECIÑAL DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA NO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO IMD.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 27.03.09, núm. 90042594, o voceiro do Grupo municipal Socialista comunica a baixa como membro do Consello do Instituto Municipal dos Deportes de don Francisco José Álvarez García, dando de alta no seu lugar a D. Daniel Sueiro López.

Os vinteseite concelleiros presentes que constitúen ó Pleno da Corporación prestan a súa conformidade ó nomeamento de don Daniel Sueiro López, con NIF 36.176.940, como representante veciñal do Grupo municipal do PSdeG-PSOE no Consello do Instituto Municipal dos Deportes, en substitución de don Francisco José Álvarez García, con NIF 36.097.747-Y

4.- (63).- DESCATALOGACIÓN DO CAMIÑO DO CERQUEIRO, CÓDIGO NO RUEIRO 02580 DO INVENTARIO MUNICIPAL. PROPOSTA DESESTIMATORIA. EXP. 18574/240.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 23 de marzo de 2009 polo xefe de Patrimonio, coa conformidade da xefa de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Patrimonio:

“1.- Consonte ó disposto no art. 79.3 da Lei 7/85 de BRL son bens de dominio público os destinados a uso ou servizo público, considerando o artigo 264 da Lei 5/97 da LALG e 3 do RD 1372/86 BEL, como bens de titularidade municipal de dominio público afectos a un uso público, os camiños, estradas, prazas, rúas, paseos, parques e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local. A finca obxecto de reclamación, segundo o informe técnico do arquitecto de Patrimonio figura no Inventario municipal como vía pública, resultando polo tanto un ben afecto ó uso público ó que ven sendo destinado na súa condición de vía pública, integrado na rede viaria municipal da que forma parte, iniciándose na Avenida do Aeroporto ata a confluencia co camiño de Cesteira.

2.- Que así mesmo, atópase afectada polo trazado do sistema viario do Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente, concorrendo o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal todos os expedientes de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no sentido de

que as rectificacións se farán menos naquelas porcións de terreo que o Plan xeral recolla como viario.

3.- Resulta competente para a adopción do acordo de resolución do expediente de rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos, o Pleno municipal previo ditame da Comisión informativa de conformidade co disposto no artigo 34 do RBEL.”

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de abril, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a solicitude formulada por D^a María Berges Martínez relativa ó camiño Cerqueiro en Candean por estar afectado na súa totalidade polo trazado viario previsto no Plan Xeral vixente.

5.- (64).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Ó PRIMEIRO TRIMESTRE DO ANO 2009. EXP.101406/140.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 13 de abril de 2009 polo interventor xeral:

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, Regra 105 da ORDEN EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3^a das de Execución Orzamentaria para o ano 2009, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que “Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos, dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”.

A información que se remite corresponde ao primeiro trimestre do ano, recollendo

nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables ata o 31 de marzo de 2009.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítese o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, nos que se reflicten a situación inicial, cobros e pagos así como a situación final.

En canto ós estados consolidados, a información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións consolidadas son: a Entidade Local, o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de abril, tomou coñecemento do anterior.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos aquí para falar de orzamentos. Xa sei que para moitos esta é unha tarefa tediosa porque estamos a falar de cifras, pero non pode ser así cando detrás desas cifras hai unha realidade.

Unha vez máis síntome moi orgullosa de poder presentar un estado de execución de orzamentos coma este porque xa na primeira páxina, cando se detalla como está o orzamento de ingresos e o de gastos, vemos que estamos diante do maior orzamento da historia da cidade de Vigo: O que temos nestes intres no orzamento nesta cidade son 310 millóns de euros conseguidos en gran parte gracias ó Plan ZP, ese Plan estatal que lle deu a esta cidade 52.320.000 euros para realizar investimentos, o maior volume de investimentos na cidade e así o dicíamos a comezos de ano e repetímolos novamente agora.

Isto xa aparece contemplado no estado de execución dos orzamentos, porque se analizamos a seguinte páxina vemos que os gastos xa están totalmente adxudicados. Somos a primeira cidade de Galicia que puxo en marcha o Plan ZP: 52 millóns de euros que xa están nas rúas. Estamos a falar en total dunha creación directa de 1.400 empregos, dos que 414 son de persoas sacadas do desemprego, do

INEM. Estamos moi por riba do nivel de emprego mínimo esixido para este nivel de obras, en total 300 empregos por riba dos esixidos.

Por iso de novo digo que nos sentimos moi orgullosos de estaren gobernando nesta cidade e de que no goberno central exista un goberno socialista que sabe das necesidades e como teñen que ser os investimentos nas cidades.

A cidade de Vigo nestes momentos xa está sendo un exemplo para outras cidades en canto á xestión destes investimento porque en menos de tres meses xa están totalmente adxudicados eses 52 millóns de euros.

Podo relatar todos os proxectos das diferentes humanizacións: no contorno de Povisa, en Urzáiz, en Venezuela, en Teis, no Calvario, en Castrelos, en Coia, na Praza da Industria; en parroquias. Repito que estamos falando de máis de cincuenta millóns de euros e de máis de 1.300 empregos.

Tamén quero dicir que non só somos un exemplo pola capacidade que tivemos de xestionar estes orzamentos nestes tres primeiros meses, senón que tamén tivemos moito que ver á hora de decidir como o goberno central investía nas cidades. A cidade de Vigo, o Alcalde de Vigo tivo a palabra decisiva no momento de decidir como queremos que o goberno central invista nas cidades. Dixemos que investimento directo na cidade e que a propia cidade decida. Vigo decidiu, elixiu 50 millóns de euros para mellorar.

Podo falar de máis datos, da capacidade de pagamento que temos porque nestes momentos todas as obrigas xa están pagadas, deste goberno non temos ningunha débeda pendente. Pero quero falar das realidades que están aí fóra.

Hai un ano a oposición poñía en dúbida a capacidade deste goberno de xestionar e de facer obras, dicía que para que un orzamento a primeiros de xaneiro se non había nada feito, onde estaban as mesas de contratación. Agora, que di o Partido Popular? Porque agora se están facendo as cousas. Pero non di nada e o que é máis grave é que manipula ós veciños para que se poñan en contra das humanizacións. Hai un goberno que está traballando pola cidade máis ca nunca, temos toda a cidade, por todas as partes, por todas as parroquias, con obras para mellorar a calidade de vida da cidade e resulta que o Partido Popular está detrás dalgunhas mobilizacións en contra das humanizacións. Realmente asómbreme que unha vez máis o Partido Popular estea en contra do investimento e do progreso desta cidade.

SR. CONDE GIL: Sra. Díaz, novamente me sorprende vostede, aínda que tampouco sei

se lle gustará que sexa eu quen faga a intervención, como aconteceu no anterior Pleno.

Realmente vostede non nos falou da liquidación trimestral do orzamento, falounos doutra serie de cousas que nada teñen que ver e a verdade é que sorprende un pouco.

Dixo que os números son tediosos e efectivamente pode ser así. Maxino que iso é unha alusión ó que eu dixen no anterior Pleno, pero a realidade dos números está aí e é incontestable. Pode estar vostede moi orgullosa pero coido que non ten excesivos motivos para iso. Falou do maior orzamento da historia de Vigo e iso non se pode negar, dixo ademais que foi gracias ó Plan ZP que coido que é o Plan de dinamización de entidades locais ou algo así, pero fai ben en lle poñer apelido porque, dado o fracaso que seguramente vai supoñer ese que chama vostede Plan ZP, tamén haberá unhas consecuencias electorais no seu día como xa as houbo en Galicia.

Falou tamén de xeración de 1.400 empregos e a verdade é que eu non sei se vostede está ó tanto das novas que aparecen nos xornais porque na EPA que saíu publicada a semana pasada vese que a taxa de paro supera o 17% e o paro supera o número de catro millóns en España, en Galicia subiu un 50%, un total de 123.543 parados. O dato de Vigo aínda non está publicado pero coidamos que irá na mesma liña porque en febreiro se produciron máis de 50 parados ó día, aproximadamente unhas 1.600 persoas, e en marzo descendeu algo pero eran máis de 20, outras 600 persoas. Paréceme que non é un motivo para estaren orgullosos senón pola contra para estaren preocupados e traballar aínda máis seriamente pola cidade.

Insisto no que lle dixen no anterior Pleno: os datos económicos que figuran neste estado de execución orzamentaria evidencian un grave problema de xestión pola parte do goberno local; díxeno daquela e repítoo agora. Xa non sei se é un problema de xestión ou é unha negligencia por parte deste goberno pero o certo é que se observan illadamente os datos é como se non se presentase absolutamente nada e por iso é necesario afondar un pouco neles.

En canto a transferencias de capital que se modificou en máis de 52 millóns de euros, como recoñeceu vostede debido ó Plan de dinamización local, entendemos que este “Fondo Estatal de Inversión Local” supuxo unha modificación de 52.320.012,21 euros. Resúltanos curioso que a previsión inicial para este exercizo 2009 dese Capítulo VI fose só de 3.741.554 euros, mentres que no ano 2008 eran case 10 millóns de euros máis. Isto quere dicir que a previsión de ingresos doutras

administracións para esta cidade se reducira en case 10 millóns de euros e que se viu incrementada logo precisamente polo devandito “Fondo Estatal de Inversión Local”.

Na liquidación do orzamento de 2008 xa nomeamos a lentitude do Concello en realizar os pagamentos como un problema grave non só de xestión, senón para as propias empresas. Pois ben, nesta liquidación do primeiro trimestre observamos novamente como por parte do Concello se paga moi lentamente, cousa que na época de crise na que nos atopamos significa graves problemas para a economía das empresas e para a súa liquidez. Non ten moito sentido que o diñeiro se atope inmovilizado nas arcas municipais cando se está recoñecendo que o hai. A ratio entre pagamentos realizados e obrigas recoñecidas no caso de gastos correntes en bens e servizos é do 48% e de investimentos e pagamentos a empresas é do 23%, cando entendemos que debería estar preto do 100% a estas alturas de execución do orzamento. Como dicía todo isto evidencia unha dificultade na xestión pola parte do goberno local, pero quizais non só unha dificultade senón como dicía antes unha negligencia na actuación económica.

Tamén hai que comparar a porcentaxe de cobramentos, dun 97% no caso dos non tributarios e bastante menor nos tributarios, que quizais sexa debida á exposición ó público dalgún padrón o que implica que malia seren recoñecidos aínda non se ingresaron. Faise necesario comparar o dato anterior coa antedita baixa porcentaxe de pagamentos que implica aproximadamente un lapso de mes e medio entre que se recoñece a obriga, que mesmo é posterior a cando se remite a factura, e o momento no que se paga materialmente. Como xa indicamos no anterior Pleno e insistimos hoxe, consieramos que é un tema grave que se debe coidar especialmente porque as empresas que contratan co Concello se poden chegar atopar con graves problemas de liquidez.

Anunciaban vostedes o día 21 de abril que renunciaban ás axudas do goberno para pagar as facturas porque dicían que estaban ó día. O certo é que non é así, non dubidamos da liquidez que poida haber pero evidentemente o que hai é un grave problema de xestión.

En canto ó estado de execución do orzamento de gastos, velaí o empeoramento dos tantos por cento dos pagamentos realizados sobre as obrigas recoñecidas no primeiro trimestre do ano 2008 a primeiro trimestre do ano 2009 .

De fixármonos no estado do orzamento de gasto vemos dous feitos notorios, un no

Capítulo II, gastos de bens correntes e servizos, no que observamos que os pagamentos realizados se atopan só nun 7,01% sobre unha cantidade de crédito definitivo de case 105 millóns de euros. No Capítulo VI, investimentos reais, tamén cun crédito definitivo de case 87 millóns de euros vemos que os pagamentos realizados só representan o 1,04%. Paréceme que estes datos non son precisamente para estaren moi orgullosos nin para facer loanza da situación.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Quérolle agradecer ó Sr. Conde Gil, como ocorre co Partido Popular, que acaben recoñecendo cousas. Acaban de recoñecer por fin que este é o orzamento máis importante da historia de Vigo e entre outras si é debido ó Plan ZP, pero isto significan 50 millóns e os 250 que quedan dos 310 son achegas do Concello, polo tanto seguimos co maior orzamento da historia da cidade.

Empezou criticando o Plan ZP, dixo que é un fracaso, pero eu pregúntome se o alcalde de Madrid opina o mesmo e de seren así se renunciou a el. Non, ningún concello de España, sexa do Partido Popular, sexa do Partido Socialista, renunciou ós investimentos do Estado porque todos sabemos que precisamente en épocas de crise é cando o Estado ten que intervir. Sen embargo cando o Partido Popular se atopou cunha situación de crise fixo todo o contrario, diminuíu e paralizou investimentos e entre eles os que viñan cara Galicia. Sen embargo este goberno central fixo todo o contrario, investiu onde máis se precisaba, deulles cartos ás cidades.

Falou da diminución do emprego. É certo que aumentou o desemprego porque estamos nunha situación de crise económica, pero eu lle digo que no 2005 vostedes nos deixaron un 4% de desemprego por riba da media e nestes momentos o nivel de desemprego que hai é un 5% por debaixo da media. Algo debemos facer. É certo que o nivel de desemprego está aumentando pero é un 5% menos do que está aumentando noutros sitios.

Logo falou de detalles do orzamento, das previsións de ingresos e dixo que se o ano pasado tiñamos presupostados 12 millóns de transferencias e este ano só tres. Sr. Conde Gil, non se lembra do efecto auditorio? Non lembra que ata o ano pasado estaban contemplados os investimentos da Xunta no auditorio e este ano non o están? Son única e exclusivamente os dez millóns de diferenza. O ano pasado estaban presupostados os 10 millóns da Xunta para o auditorio e este ano non; é iso. Pero como non estudou o orzamento do ano pasado, non viu as partidas polo miúdo eu entendo que non saiba ben o que di.

Con respecto ós pagamentos, repítolle que se fan nun mes. Vexa os niveis de Ps e de Os que son exactamente iguais: 36.900.000 e 3.898.000; son exactamente iguais os dous niveis. Comezou falar do 7% e do 8%, dixo que son unhas cifras moi malas pero, con que se comparan estas cifras para dicir que son moi malas? Vostedes presentaron o estado de execución do primeiro trimestre do seu orzamento no ano 2005? Non, porque aprobaron o seu orzamento en febreiro e entón en marzo non podían presentar ningún estado de execución. O mesmo aconteceu no 2006 cun orzamento prorrogado; presentaron vostedes o Estado de execución? Tampouco, nin se atreveron a presentar os datos.

Nós presentamos os datos, son os que son, son moi bos, Sr. Conde. Dicir que en tres meses de 300 millóns de gasto autorizado hai en fase A 150 millóns e completamente adxudicados 138 millóns; en tres meses a metade do orzamento xa está executándose e entre estes gastos os máis importantes son os dos investimentos. Fíxese os niveis de As e de Ds dos investimentos: 60.000 millóns en A e 45 millóns en D. Están adxudicados practicamente todos os investimentos do Concello e isto é o importante porque é o que dura. Os 50 millóns de euros están completamente adxudicados.

Claro que vostede pode falar da Fase O que é a obra rematada, pero o que sucede é que as obras comezámolas facer agora e non poden estar rematadas en quince días. Lémbrolle que vostedes remataron as obras dalgunhas humanizacións dous anos despois, xusto antes das eleccións e o seu orzamento era de 2005. Cun orzamento de 2005 vostedes remataron obras no ano 2007. Cal era o seu nivel de fase O no 2005 e no 2006? Era nulo. Ven aquí dicindo que os niveis de Fases O son moi malos. Pois si é certo que as cifras son dun 7, dun 10 e dun 15 porque é o normal, pero mire tamén a fase de adxudicacións.

O ano pasado o Sr. Figueroa criticaba e dicía que non se estaba facendo nada, que nada pasara pola Mesa de Contratación. Agora vostedes non poden dicir iso porque todo pasou por Mesa de Contratación e porque nas rúas están as obras, pero ven con cifras para andar con voltas. Pasa que o que realmente significan as cifras é que a metade do orzamento xa está en marcha e só levamos tres meses polo tanto esta é a mellor xestión que se pode presentar dun orzamento.

SR. CONDE GIL: Sra. Díaz, antes o Sr. Alcalde deu unha serie de felicitacións, maximo que tamén a terei que felicitar eu a vostede porque dado que sempre critica as nosas

intervencións e o lista que semella que é vostede, maximo que o Partido Socialista a vai enviar a EEUU xunto co Sr. Obama que tanto lles obsesiona e gusta para solventar os problemas económicos do mundo; non só do AVE gabado polo Sr. Obama e do que presumía o Sr. Alcalde a pasada semana cando lembraba que o presentara coma ministro. Non sabemos se imos ter a visita de Obama a Vigo, quizais sería bo sabelo.

Falou dos investimentos e da manipulación ós veciños do que antes esquecín contestar. Eu non sei de onde saca vostede que o Partido Popular está manipulando a alguén. En canto ós investimentos e ó nivel de obras licitadas e adxudicadas, evidentemente que non é gracias á súa xestión, senón a que tiñan a “Espada de Damocles” dun decreto do goberno central polo que se non efectuaban os investimentos nunhas determinadas datas eses cartos perderíanse.

Entendemos polo tanto que debe presumir o xusto porque o único que fixo é cumprir cunha obriga establecida no decreto do “Fondo Estatal de Inversión Local” que vostede chama Plan ZP. Debe ser por eses letreiros que custan máis que moitas das obras e que non sabemos a quen se lle adxudicaron.

Deu unha serie de datos, de que se os expedientes pasan pola Mesa de Contratación, pois se de 86.966.774,95 euros de crédito definitivo en investimentos reais, en licitación hai un 70,43%, 61 millóns, e adxudicados 45 millóns, un 51,82%; tampouco son uns datos para estaren tan orgullosos coma o está vostede.

Volvendo ó tema da xeración de emprego, a verdade é que tampouco se ve ese nivel de emprego na cidade de Vigo porque os parados aumentan a cotío. Tamén fixo comparanzas co goberno do Sr. Aznar polo que teñen vostedes unha auténtica obsesión e xa falamos deste tema noutros Plenos. Só hai que coñecer un pouco a historia recente deste país para saber o nivel de crise no que se atopaba España no ano 1996 e como só en dous anos se acadou converxer con Europa para poderen entrar na moeda única, no euro que temos actualmente.

Eses datos están aí, Sra. Díaz, pódeos disfrazar vostede coma queira, pode dicir que o Sr. Zapatero é marabilloso, pero por moito que o repita non o vai ser e así o saben os cidadáns e estase demostrando. Ademais vostedes deberían estar un pouco queimados pola súa xestión porque recentemente tiveron conta dela, mesmo esta fin de semana tiveron un congreso extraordinario debido ós graves problemas de xestión no bigoberno da Xunta de Galicia. Por iso non é para que fagan vostedes demasiado mérito.

O único que deduzo das súas intervencións, tanto no anterior Pleno coma neste, é que lle molestan os números. Quizais esperaba outro tipo de intervención e ademais lle molesta que se fale das cifras, pero é que as cifras e as ratios están aí. Di que se paga axiña cando o certo é que non é así, un 48,23% en gastos de bens correntes e de servizos, mentres que en investimentos reais dun 23,49% e iso malia a existencia do “Plan de dinamización local” do que di que ningún concello renunciou a el. Loxicamente ningún goberno municipal renunciou porque os alcaldes están para beneficiar ós veciños e se o Estado cre que deste xeito os van beneficiar, fan moi ben, sexan do signo político que sexan, en asumir esas transferencias de capital. Pero o certo é que o tempo dirá se o camiño que colleron vostedes dende o goberno central en canto á dinamización da economía vai ter ou non resultados positivos para o conxunto de España. De momento se está amosando que non os ten e só están facendo plans de maior endebedamento para todos nós e, coma sempre, contarán con que, como xa fixemos no ano 96, chegará o Partido Popular e solucionará todo isto.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Sr. Conde, non me considero nin lista, nin listiña, nin intelixente, pero si rigorosa e traballadora, iso si e o que non me gusta é que manipulen os datos porque estes están aí e as realidades están detrás deles. Si que me molesta que se utilicen os datos para manipular as ideas e por iso non me gusta que se collan unhas cifras e se vaia dicindo por aí o mal que están as cousas utilizando datos errados e confundindo á xente. Por iso eu utilizo e leo os datos que saen directamente da contabilidade. Non son gráficos feitos por ningún asesor, nin power point, nin nada, son única e exclusivamente os datos rigorosos, contables que saen cando se lle dan as ordes a Contabilidade.

Vostede pregúntase por que dicimos que o PP está manipulando e está na contra das humanizacións; pois porque houbo ex concelleiros do Partido Popular nesas mobilizacións en contra das humanizacións. Por iso o digo. Se vostede aquí argumenta que nós temos a culpa do que pasou no 96, que deixamos as arcas baleiras, eu tamén podo dicir que os concelleiros do PP seguen a ter a mesma ideoloxía e polo tanto tamén están manipulando á xente.

Lémbrolle o que aconteceu neste primeiro Pleno unha vez constituído este goberno, cando tivemos que pagar os millóns e millóns de euros que deixaron de débedas. Non lembran aquela modificación orzamentaria? Ó final si acabaron recoñecendo a

existencia desas débedas e seguen existindo máis. As únicas débedas que hai nestes momentos sen pagar son as que vostedes deixaron e iso ata o momento no que vostedes recoñezan que esas facturas son de seu. Mentres non se recoñeza que esas facturas son de seu, nós non as imos pagar. Polo tanto son vostedes os que deixaron as arcas baleiras.

De novo insístolles en canto ó Plan ZP que esta cidade é a primeira en executar ese Plan. Os datos están aí, acábaos de ler vostede, son eses 52 millóns. Recoñece que está totalmente executado, totalmente adxudicado. Como está Madrid nestes momentos? Non hai ningunha outra cidade que teña o nivel de adxudicacións que temos nós, todos os proxectos aprobados e adxudicados. Por iso estivo aquí unha ministra para nos agradecer a xestión que estabamos a facer deses fondos; viu expresamente unha ministra a Vigo para nos dicir o ben que o estabamos a facer, que é a cidade que máis avanzada está pola rapidez de presentación dos proxectos e pola forma na que se fixeron as adxudicacións. Por iso todas as cidades, ben governe o Partido Popular, ben o Partido Socialista, están agradecidas co Plan ZP, todas menos vostedes que están facendo oposición nesta cidade.

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación o contido do expediente de que se trata.

6.- (65).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN POLO PROCEDEMENTO DE EMERXENCIA DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SEGURANZA DO MURO DE CONTENCIÓN DA RÚA CANTEIROS-MATAMÁ. EXPTE. 12381-444.

ANTECEDENTES.- En sesión de data 11 de febreiro de 2008, a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“26(167).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE SERVIZOS XERAIS E VÍAS E OBRAS DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE seguranza DO MURO DE CONTENCIÓN DA RÚA CANTEIROS-MATAMÁ. EXPTE. 12381/444.

Dáse conta da resolución da concelleira delegada da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 12.01.08, que di o seguinte:

A vista do informe do xefe da Área de Servizos Xerais ó respecto do derrube do muro de contención da rúa Canteiros e do perigo que supón para o tráfico rodado, así como

do decreto da Alcaldía de data 11 de xaneiro de 2008 que di: “Contratar polo procedemento de emerxencia o expediente para as obras de seguridade, e aseguranza do muro de contención da Rúa Canteiros”.

Así mesmo, á vista do informe do enxeñeiro técnico da Oficina de supervisión de proxectos D. Jorge Muñoz, no que se indica a necesaria urxencia de comezar cos traballos de reconstrución do dito muro para evitar que siga derrubándose e poder abrir á circulación a rúa con seguridade, no que se indica tamén a imposibilidade de cuantificar o custo definitivo de dita reconstrución, dado que se necesita realizar o desentullo total para poder coñecer o alcance dos servizos afectados e das obras a executar.

RESOLVO:

En virtude das competencias que me atribúe a vixente lexislación de réxime local (art. 127 da lei 7/85, decreto de delegación da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local do 16 de xullo de 2007), decídese, de acordo cos procedementos regulados no artigo 72 da Lei de Contratación das Administracións Públicas, “tramitación de emerxencia”, adxudicar a HIDROESTRUCTURAS. S.L., a contratación das obras de seguridade e seguranza do muro de contención da rúa Canteiros en Matamá.

Desta resolución deberase dar conta á Intervención Municipal e á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.”

A Alcaldía-Presidencia pon en coñecemento do Pleno da Corporación o anterior acordo da Xunta de Goberno Local.

En cumprimento de acordo plenario, neste intre todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas de la violencia doméstica.

- 7.- (66).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO SE DESESTIME A PROPOSTA DE SITUAR A BIBLIOTECA DO ESTADO NO EDIFICIO DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de abril de

2009, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"No Pleno anterior, o grupo municipal do Partido Popular mostrou a súa preocupación pola biblioteca estatal comprometida polo recen substituído Ministro de Cultura, D. César Antonio Molina, para Vigo. A través da nosa moción esixiamos ao Alcalde axilidade na xestión deste asunto, para non poñer en risco o investimento do Estado nesta nova infraestrutura cultural para a cidade, especialmente deficitaria en materia bibliotecaria.

Só resta un requisito para iniciar a execución do proxecto, definir a localización da biblioteca. Finalmente, o Alcalde decidiu precipitadamente propoñer ao Ministerio de Cultura o seu emprazamento no edificio da Escola Municipal de Artes e Oficios.

A incerteza vértese agora sobre a continuidade desta centenaria institución, clave na vida cultural viguesa, o que move ao Grupo Popular a instar ao goberno municipal a:

Desestimar a proposta de situar a biblioteca do Estado na Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 20 de abril de 2009, tomou coñecemento da anterior moción

A concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. MARIÑO MENDOZA: Isto é un pouco contradictorio porque no Pleno do mes pasado dicían que non acabamos de buscar lugar para a biblioteca e agora nos din que o alcalde decide precipitadamente. Pois está vostede completamente equivocada, esta é unha proposta que está enriba da mesa igual ca outras, que se está analizando e ademais coido que todos somos conscientes de que a biblioteca do Estado debería ter unha posición central na cidade, xa non polo uso á que está destinada, senón porque é un punto de conexión. Todos sabemos que os autobuses das parroquias e de todos os puntos da cidade chegan ó centro e polo tanto debería ter unha posición central.

Coñecendo un pouco a situación de Vigo teño que dicir que as outras propostas que este Concello barallou e tentou chegaren a acordos durante estes meses son edificacións en altura. Como todos sabemos e vostede seguramente ben sabe, un edificio en altura non é a mellor solución para unha biblioteca. Polo tanto a decisión

non é precipitada, senón que é unha das propostas que estaban enriba da mesa dende o principio e que se barallou.

A verdade é que eu non entendo ben a súa moción e por que desbotan esta localización. Con esta proposta este goberno tenta solucionar dous problemas nestes momentos nos que o Estado nos vai axudar a investir na cidade. Coido que todos coñecemos a situación, os orzamentos están aí e polas partidas orzamentarias destinadas a Artes e Oficios vostedes saben o estado de conservación e de utilización a día de hoxe do inmobile, como se está a usar e se cumpre ou non todas as medidas de seguridade e de accesibilidade que debería ter un edificio destas características.

Non é en ningún caso solucionar un problema para crear outro, senón que o que se pretende con esta proposta é solucionar os dous problemas. En ningún momento este Goberno deixou de pensar na Escola de Artes e Oficios pero o que si cremos é que necesita un novo edificio que cumpra as condicións para os contidos que se están dando na actualidade, pero que cumpra toda a normativa e que estea localizada no centro da cidade porque tamén cremos que é un foco de referencia ó que asisten cidadáns de todas as partes da cidade.

Aproveitemos polo tanto este investimento do Estado para a biblioteca para solucionar os dous problemas. Non creo que a solución sexa a que vostedes propoñen que é a de desestimar a localización da biblioteca na Escola de Artes e Oficios porque en ningún momento se pretendeu desatender ós alumnos.

Por iso o goberno local propón un texto alternativo á súa moción: “O traslado efectuarase unha vez que exista lugar alternativo para a Escola de Artes e Oficios mantendo os contidos formativos actuais”. Cremos que realmente é cara onde debería ir enfocada a moción e non cara a se a localización é ou non a correcta.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Antes de nada, benvidos e benvidas, señores e señoras do Partido Popular, ó carro do compromiso coa Escola Municipal de Artes e Oficios; non era sen tempo pero como di o refrán: “Nunca é tarde se a dita é boa”.

Coido que digo isto dende a máis absoluta obxectividade porque foi este goberno municipal quen nos dous anos que leva de mandato tivo que solucionar a situación de absoluta precariedade na que vostedes deixaron Artes e Oficios logo de tres anos e medio gobernando esta cidade. Coido que non é necesario lembrar a situación na que se atopaba o profesorado no ano 2007 e que fixo perder varios meses de curso.

Por certo, parabéns á Sra. López Atrio polo ben facer neste tempo ó fronte da Escola. Hoxe por fin e logo de non poucas penurias, a Escola de Artes e Oficios realmente presenta un futuro esperanzador e isto, como tamén se leva denunciado ó longo de anos, malia as carencias que presenta o propio edificio e os problemas estruturais que fixeron que hai tempo se tivera que trasladar durante varios cursos.

Sempre falamos de Vigo como cidade dinámica e en continua transformación. O Pleno municipal debe realmente dirixir ese pulo, esa dinámica de cidade cambiante para acadar os mellores obxectivos. Unha das eivas que levamos anos denunciando, unha das situacións máis vergoñentas, unha das moitas pero das maiores inxustizas que se fixeron coa cidade de Vigo é que sendo a maior cidade de Galicia, unha das maiores cidades do Estado, non conte nestes momentos cunha biblioteca de carácter estatal. Só como dato comparativo e con todo respecto, a cidade de Teruel, que no ranking de cidades está no douscentos e pico, conta con biblioteca estatal.

O BNG asume posturas de responsabilidade e non se opón á posibilidade de que a biblioteca do Estado se sitúe no edificio de Artes e Oficios, posibilidade que pasa pola existencia dun informe xurídico que garanta que o novo uso é posible sen a perda da titularidade municipal do edificio.

O BNG quere ir da man do profesorado e do alumnado da Escola para que en ningún caso se faga efectiva a posibilidade de cambio do edificio da Escola de Artes e Oficios sen que antes se atope un lugar axeitado para a nova Escola, coido que poderíamos falar dunha situación idónea, sen que se garanta que o traslado se vai levar cara adiante unha vez rematadas as obras de remodelación do novo edificio para así non perderen ningún día de clase.

SRA. LARRIBA LEIRA: Sr. Mariño, no pasado Pleno preguntei varias veces sobre as opcións deste goberno para instalar a biblioteca estatal. Vostede non me respondeu nunca. En calquera caso nos xornais e demais medios de comunicación baralláronse opcións para localizar esta biblioteca estatal pero xamais se falou da Escola de Artes e Oficios. Vostede dixo que probablemente nos ía gustar esa opción que tiña na cabeza pero que ninguén coñecía e volveu dicir por que non a coidamos axeitada. A precipitación refírese a iso. Hai un mes vostede podería ter falado disto e non dixo nada; díxose nos últimos quince días. De aí que falemos decote de precipitación. Tanto vostede como o concelleiro de Cultura mencionaron a posibilidade de modificar o texto da moción no sentido de que se garanta unha nova localización para a EMAO,

dixeron que isto sería suficiente para apoiar esta moción. En absoluto unha mera garantía dunha nova localización é suficiente polas razóns que lles vou expoñer.

En primeiro lugar, o Ministerio de Cultura aproba e financia a construción dun edificio de nova planta. Podería ser un edificio emblemático para a cidade, deste modo non perderíamos senón que gañaríamos unha nova infraestrutura cultural para a cidade. Por que desbotan a posibilidade dun novo edificio, como aconteceu en Santiago e noutras cidades, cando vostedes mesmos modificaron o PXOM para facer unha reserva de solo aplicable a estes fins entre outros lugares na Praza do Rei? Vostedes modificaron o PXOM, aprobaron esa reserva de solo e sen embargo agora o desbotan. Quizais os propietarios se poden sentir prexudicados porque vostedes dalgún xeito lles impediron facer uso deses soares. Pretenden recualificar novamente esta zona? Tiveron máis dun ano para decidir esta localización.

Esta precipitación da que lle falo non só molestou ou alarmou ó Partido Popular, esta sorpresa produciu indignación e rexeitamento na sociedade. Xa se manifestaron varias institucións culturais da cidade, mesmo a Federación Veciñal en contra desta decisión. Pero é que xa levan varios días cunha protesta continua da comunidade docente da Escola, profesores e alumnos, coa presidenta da Xunta Reitora á cabeza. A concelleira de Educación tamén se opuxo nun principio a esta decisión. O que é máis grave é que non se reuniu a Xunta Reitora para debater esta cuestión, tivo que ser o Partido Popular quen en base ós Estatutos da escola a solicitase e nin aínda así se reuniu a Xunta Reitora.

Non sabemos que fai este goberno coa autonomía funcional e coa a personalidade xurídica propia dos organismos autónomos deste Concello. Está claro: sinxelamente as ignora. A opinión da Xunta Reitora non tivo para vostedes ningún valor, entrevistáronse con algúns colectivos, pero nin con esas paralizaron a resposta nin a recollida de firmas que se está a facer para que reconsideren seriamente a decisión que lle propuxeron ó Ministerio.

Ó propoñeren o traslado da Escola falou de garantías de continuidade. Eu preguntome cales son as garantías legais con respecto á continuidade da doazón que fixo no seu día D. José García Barbón. Toda a cidadanía coñece xa a cláusula X do documento de doazón, publicouse na prensa, está colgado en varios blogs en internet, pero é igual. Vouno ler rapidamente.

A cláusula X di: “Se o Estado, por virtude de leis ou disposicións de carácter ou interese público que se poidan chegar ditar, se incautara nalgún tempo dos predios

doados para os allear libremente ou para lles dar un destino calquera que non sexa o do ensino técnico do home ou da muller, quedará ipso facto revocada esta doazón e aqueles pasarán a seren propiedade da persoa que, acreditando seren parente do señor outorgante, reclamara primeiramente o seu dereito perante os tribunais chamados a declaralo”.

Cónstanos que vostedes non estableceron o máis mínimo contacto coa familia para saberen da posibilidade dunha negociación. Lémbrolles que no ano 2002 xa houbo un intento por parte dos herdeiros de recuperar a propiedade ó incumprise as condicións da doazón.

Tamén é sorprendente que este goberno non quixo contar cos seus propios servizos xurídicos nin coa Secretaría Xeral para encargaren un estudo xurídico desta doazón. O informe que nos consta e que nós solicitamos por escrito ó Alcalde, é un informe privado, feito por un bufete privado, cuxa conclusión final que coñecemos o pasado venres, aínda que vostede di que é unha proposta que se leva estudando moito tempo, di: “Existe en todo caso defensa por parte do Concello en caso de pedimento de reversión pola parte da familia”, pero de ningún modo garante o apoio legal á proposta do Alcalde de situar a biblioteca estatal nese edificio.

Para o Grupo Popular que o goberno se apoie nesta posición legal tan fráxil é querer correr riscos de xeito irresponsable porque non esquezamos ademais que este é un informe encargado a instancia de parte.

Que nova situación se está ofrecendo para a Escola Municipal de Artes e Oficios nestes momentos que non supoña o cesamento temporal das súas actividades? Porque dende logo os lugares que vostedes propuxeron significarían sempre unha paralización temporal.

Tanto vostede como o concelleiro de Cultura están recoñecendo as graves carencias do edificio; por que non poñen o mesmo empeño en resolvelas vostedes que están presumindo de querer tanto á Escola? Sen ir máis lonxe, a ETRAD está ocupando boa parte do edificio á espera dun prometido espazo propio que aínda non ten.

Por outra banda a Escola de Artes e Oficios trasládase co suposto obxectivo de potenciar e homologar as súas titulacións a outras equivalentes de formación profesional para mellorar a súa rendibilidade educativa. Pero que pasa co ensino non regulamentado? Tamén nisto van contradicir o legado? A desacertada decisión de que estes ensinos desaparecesen atentaría contra calquera política social, dende as políticas de avellentamento activo, pasando pola “Cidade Educadora”, etc., acabarían

vostede con calquera tipo de política social-cultural de desapareceren da Escola o ensino non regulamentado.

SR. MARIÑO MENDOZA: Sorpréndenme moito as súas verbas. Si que é certo que vostede me preguntou reiteradamente no Pleno anterior sobre outras localizacións. Dende logo non llas dixen no seu día e vou seguir sen as dicir publicamente porque as parcelas que hai nestes momentos son privadas e polo tanto se nós anunciamos as nosas propostas en parcelas privadas o único que faremos é elevar os prezos desas parcelas. Eu pódolle dicir cales son pero en privado. O que lle dixen sábeo todo o mundo, pero vostede o que quere é que o fagamos público para converter en inviables os acordos ós que podamos chegar para adquirir edificios no centro da cidade.

Falou das propostas que saíron en prensa; hei de dicirlle que nunca foron propostas Cluny, nin o Areal. Cluny por unha cuestión moi sinxela; o outro día viamos en prensa o prezo da parcela de Cluny e é o orzamento dos próximos catro anos do Concello. Cluny polo tanto nunca foi unha opción para a futura biblioteca. Por outra banda o Areal nunca tivo a superficie que esixe o Ministerio para facer a biblioteca; esta nunca foi unha proposta que estivera enriba da mesa. Semella que as propostas que din os xornais son as que a vostede lle parecen moi boas.

Sorpréndeme porque logo do Pleno pasado un dos concelleiros do Partido Popular propoñíame que a biblioteca non fose noutro lugar que no Museo de Arte Contemporánea. Sorpréndeme polo tanto que agora o problema sexa a súa localización en Artes e Oficios. Repito que un concelleiro do Partido Popular me propoñía desmontar o Museo de Arte Contemporánea e situar alí a biblioteca e así llo digo a todos.

Di vostede que esta proposta a tiña eu na cabeza. Pois non, é unha proposta que están analizando os técnicos de Urbanismo e de Patrimonio dende hai meses e así temos informes de taxación de todas as propostas e pre-acordos con todos os propietarios por se o Concello os quixera executar.

A intención deste Concello é que o investimento que nos pode custar a localización desa nova biblioteca se destine a facer un novo edificio para Artes e Oficios. Todos sabemos o que custa un inmovible no centro da cidade, pois ese é o investimento que este Concello está disposto a facer en Artes e Oficios, investimento que vostedes non fixeron durante o seu goberno. Nós si estamos dispostos a facer un edificio que nos

custe oito ou dez millóns de euros, adaptado ás necesidades porque si pode ser en altura, as aulas teñen as superficies que teñen que ter e é moi posible que aínda que os edificios non nos sirvan para albergar a mellor biblioteca do Estado que queremos ter en Vigo si nos sirvan para albergar isto.

Dixo que levamos máis dun ano traballando nisto. Eu repítole o que dixen no Pleno anterior: dende o 28 de agosto, data da entrada en vigor do vixente Plan Xeral que nos capacita para saber a clasificación de cada un dos soares.

Falou tamén das garantías legais da doazón. Eu non vou facer un debate legal con vostede porque teríamos para moitas horas e seguramente non chegaríamos a ningún punto de entendemento pero, ademais do externo, si existen informes e eu teño aquí un do xefe da Unidade de Patrimonio que supoño que será o informe que necesitamos, o dos xurídicos do departamento de Patrimonio que ven dicir algo moi similar ó que di o informe que ten vostede. Polo tanto os problemas legais deixémosllos a quen os teñen que resolver. Cos informes xurídicos que temos nós estamos moi confiados en que non estamos cometendo ningunha ilegalidade.

Tamén falou de recualificacións. Non me falen vostedes diso, non vou entrar aí aínda que sexa o concelleiro de Urbanismo.

Leunos a Cláusula X, pero ata onde eu sei ese acordo de doazón ten un montón de cláusulas e parece que só se queren ler algunhas e non as outras. As cláusulas van todas encadeadas e mesmo hai unhas que invalidan outras; pero a vostede a que lle interesa é a Cláusula X. Eu repítole que lle deixo ós servizos xurídicos deste Concello que opinen e que nos digan o que temos que facer porque nós si que nunca imos contradicir o que digan os informes xurídicos do Concello. Vostedes si que o fixeron no seu día.

O texto alternativo que propoñemos di que en ningún momento se paralicen as clases en Artes e Oficios. Coido que iso quedou claro, pero a vostedes non lles interesa nestes momentos votar este texto alternativo e polo tanto manteñen esa postura. En ningún momento se falou de que non ía seguir existindo o ensino non regulamentado. Estamos falando de facer un edificio adaptado ás necesidades, ás capacidades e ós cursos que existen na actualidade, pero sen embargo vostede segue falando exactamente do mesmo. Dende logo que nos comprometemos a que ese edificio estea en prazo.

Dixo vostede que o curso se tiña que parar. Non sei se vostede sabe canto tarda o Ministerio en contratar e licitar o proxecto para a biblioteca e empezar as obras, non

é unha cuestión de dous ou tres meses porque como vostede ben debería saber os concursos para bibliotecas estatais saen a concorrència pública e teñen uns prazos establecidos por lei. Hai polo tanto tempo máis que suficiente para que a nova localización estea adaptada e acadada para as necesidades e os cursos que se dan a día de hoxe na Escola de Artes e Oficios. Ese é o compromiso deste goberno. Polo que se ve vostedes pretenden seguir opoñéndose ás propostas que hai. Repítolles novamente que hai só un mes me propoñían o MARCO.

A PRESIDENCIA: Sra. Larriba, ten a palabra e por favor, pronúnciese sobre este texto alternativo que se presenta asinado polas voceiras do Grupo municipal socialista e do BNG que reza deste xeito: “O traslado efectuarase unha vez que exista un lugar alternativo para a Escola de Artes e Oficios mantendo os contidos formativos actuais”.

SRA. LARRIBA LEIRA: Xa deixei claro na miña primeira intervención que non o podíamos aceptar en absoluto pero ademais lles vou dar máis argumentacións.

En calquera caso o que pediu o Partido Popular foi que se axilizasen os trámites, que non se poña en risco o investimento estatal.

Quero que quede moi claro que en ningún momento o Partido Popular se opuxo nin puxo atranco para que Vigo teña unha biblioteca estatal. Lémbrolle que foi o goberno de D^a Corina Porro quen iniciou os trámites co Ministerio para que Vigo tivese unha biblioteca estatal; lémbrolle iso de novo como tamén que D^a Carmen Calvo, daquela ministra do Partido Socialista, dixo que non.

En canto ás garantías legais, dime vostede que posúen varios informes e isto é moito máis grave porque nós lles pedimos os informes e non nolos pasan. Ou sexa que teñen outro informe dos servizos xurídicos de Patrimonio e non nolo pasan? Isto é aínda máis grave. Eu pensei que había transparencia e que vostede me estaba facendo chegar o que lle pedimos.

Léolle a Cláusula X porque é a que afecta en sentido estrito ó traslado da Escola, pero por suposto que de poñermonos analizar o contido do legado vería as outras moitas razóns polas que non se pode trasladar: polo seu contido, polo que significa, pola tarefa que desenvolve, etc. Pero como estes xa son conceptos un pouco máis abstractos que abrirían un debate moito máis prolongado, cinguinme á Cláusula X que é a que fala en concreto do uso dese edificio para outra actividade.

Pero como digo teño máis argumentacións. Estamos pendentes do que dirán os técnicos do Ministerio de Cultura sobre este edificio porque de momento vostedes non teñen eses informes.

Sr. Mariño, lémbreme a min que debo coñecer os trámites sobre materia bibliotecaria; pois tamén lle digo que estou segura de que vostede aínda que é urbanista non descoñece as recomendacións da Carta de Venecia e que o ICOMOS propugna para os edificios históricos, fálolle de organismos e documentos que se manexan a nivel internacional básicos na conservación do patrimonio arquitectónico, que recomentan o mantemento do uso orixinal dos edificios históricos na medida que sexa posible. É dicir, calquera alteración para a adaptación a novos usos vai en detrimento e xoga en contra dese ben patrimonial que nós temos que conservar co que, sempre que na medida do posible un edificio histórico poida seguir mantendo a función para a que se creou, é xogar a favor da súa óptima conservación.

O edificio da EMAO que data de 1897 constitúe unha parte esencial da memoria de Vigo e o seu valor é insubstituíble. Pregúntome que van facer para conservar esa memoria se desnaturalizan o edificio do que foi a súa función orixinal. Ademais seguro que como urbanista coñece moi ben as dificultades que tería a adaptación do edificio ó novo uso bibliotecario tendo en conta que no Plan especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar do Concello de Vigo está catalogado con protección integral, o que supón que as intervencións que se poidan realizar sobre el son unicamente as necesarias para a súa conservación e enténdase por conservación o mantemento, consolidación e restauración arqueolóxica. En todo caso os usos admisibles deben ser iguais ou análogos ós orixinais nas súas consecuencias espaciais, tipolóxicas e estruturais. Isto débese coñecer vostede moi ben.

Quedou para o final algo que é importante para o Grupo Popular, o feito de que Vigo lle cedería a titularidade do edificio ó Ministerio, perdería parte do seu patrimonio xa que, segundo a lexislación autonómica actual e vixente en materia bibliotecaria, o edificio pasaría a seren propiedade do Estado, xa non formaría parte do patrimonio da cidade.

A ironía de todo isto é que para compensar esta perda de patrimonio vostedes están suxerindo facer fronte ó mantemento da nova biblioteca conxuntamente coa Xunta a cambio de ter representación nos seus órganos de dirección. Que afán teñen vostedes por politizar a cultura, xa o fixeron a comezos do seu mandato no Padroado do Marco e agora o queren seguir facendo con esta biblioteca antes de que naza e

aínda que teñamos que pagar por iso; ademais propoñen que o Concello pague o mantemento.

Todo isto resúmese en catro cousas. Primeiro, xeraron un novo conflito cos cidadáns onde non o había. Perden a posibilidade de ter unha nova infraestrutura cultural na cidade nun momento no que teñen na man o financiamento e un Plan urbanístico que adaptaron e previron para este uso. Terceiro, están a poñer na corda frouxa unha institución centenaria e prestixiosa. Cuarto, perden patrimonio e aínda por riba queren pagar.

O Grupo popular e, estou segura que moitos cidadáns, pregúntanse para quen gobernan vostedes.

(Está ausente o Sr. López Font)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando desestimar a proposta de situar a Biblioteca do Estado no edificio da Escola de Artes e Oficios.

8.- (67).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO DIVERSOS ARRANXOS NO CONTORNO DOS PAVILLÓNS DEPORTIVOS DO AREAL E DO BERBÉS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de abril de 2009, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Iglesias Bueno, formula a seguinte moción:

“O Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, denuncia unha vez máis o abandono da cidade.

Transcorreron dous anos dende a toma de posesión do bipartito, co alcalde Caballero ao fronte, e as melloras en diferentes zonas da cidade foron nulas.

Nas instalacións deportivas da rúa Areal e do Berbés se veñen desenvolvendo, torneos de fútbol tanto por veciños das zonas coma por colectivos de inmigrantes, nos últimos anos incrementáronse os participantes chegando os sábados e os domingos a xuntarse máis dun centenar de persoas.

Ditas instalacións e os seus contornos atópanse nun estado lamentable, a fonte do Areal non funciona, as papeleiras son insuficientes, non hai contedores e ademais carecen de aseos públicos sendo este un servizo imprescindible para manter a limpeza e hixiene da zona.

O anterior Goberno Municipal foi quen de adjudicar mobiliario urbano suficiente que podería dar solución, entre outros, a este problema.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local:

Para que de xeito urxente arranxe a fonte do Areal e poña unha nova no Berbés, dote de papeleiras con máis capacidade ou de contedores ás dúas instalacións e instale aseos públicos tanto no Berbés como no Areal, co fin de dar un mellor servizo ás persoas que habitualmente utilizan ditas instalacións.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 20 de abril de 2009, tomou coñecemento da anterior moción

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Iglesias Bueno, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Só lle quero facer unha pregunta á Sra. Iglesias: Cando chegamos nós eliminamos papeleiras, colectores ou aseos públicos da zona? Porque di que as papeleiras son insuficientes e son as mesmas que había antes; di que non hai colectores e son os mesmos que había antes; di que non hai aseos públicos e é o mesmo que había antes. Di que aquilo está nun estado lamentable e eu pódolle lembrar como estaba o estanque do Berbés cando chegamos nós que tivemos que facer unha actuación porque aquilo era un foco de infección e reformámolo. Lémbrolle tamén como era a limpeza do botellón as fins de semana que ata as 13 horas non se remataba. Lémbrolle en que estado lamentable atopamos

nós o Berbés e o Areal.

Tamén lle lembro que neste momento estamos en contacto coas asociacións veciñais porque sabemos que sobre todo as fins de semana estanse utilizando esas zonas pola mocidade para facer competicións. Estamos falando con elas porque por suposto si que queremos regulamentar entre todos o uso desas instalacións. Tamén lle quero dicir que nestes momentos estamos elaborando un proxecto para a zona porque aínda que a melloramos moito con respecto a hai un par de anos, sabemos que aínda precisa mellorar máis. Estamos facendo un proxecto integral de toda a zona que contempla todo o Areal, dende o remate da Estación de Renfe ata o que sería a “paellera”. Unicamente lembrarlle que o lamentable é como o recibimos. Imos votar que si porque por suposto pensamos que hai que mellorar a zona.

SRA. IGLESIAS BUENO: Alégrome de que vaian aprobar esta moción porque son cousas que afectan ó interese xeral.

Sei que ó mellor había algunha deficiencia pero xa pasaron dous anos do seu goberno. Ademais nós fixemos un concurso de mobiliario urbano, que logo lles tocou administrar a vostedes e gracias a el puxemos a cidade en boas condicións; coido que verdadeiramente o traballo desa concesión foi noso.

Creo que agora teñen as ferramentas necesarias para poñer esas zonas a punto. Ademais alégrome de que teñan proxectos para elas porque de verdade que agora mesmo están nun estado tan lamentable que parecen o Bronx.

Paréceme ben que recorran novamente o pasado pero é que xa transcorreron dous anos dende que vostedes están gobernando, xa non vale falar de nós porque os veciños votáronos a vostedes para gobernar e administrar este Concello. Pasaron dous anos e vostedes xa tiñan que ter isto en condicións.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Reincidir no mesmo, melloramos ou non a limpeza do botellón? Si. Melloramos o estanque do Berbés? Si. Estanse baleirando as papeleiras máis polo miúdo? Si e os aseos públicos están repartidos por toda a cidade de Vigo. Se vostedes adxudicaron mobiliario urbano quizais non foi o suficiente.

Xa lle digo que estamos traballando, que imos reformar toda a zona e moi en breve verán a diferenza entre o que nós propuxemos e o pouco que vostedes fixeron.

SRA. IGLESIAS BUENO: Sinxelamente dicir que me alegro que se engadiran a esta

iniciativa e que cedo vexamos rematadas esas obras.

(Está ausente o Sr. López Font)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, solicitando diversos arranxos nos contornos dos pavillóns deportivos do Areal e do Berbés.

9.- (68).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO SE REALICEN ESTUDOS E SE TOMEN MEDIDAS PARA PROTEXER O MEDIO AMBIENTE CO GALLO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de abril de 2009, o concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

Nos últimos meses asistimos a un plan de humanizacións masivas englobadas dentro do que se denominou como Plan E que parece ser a máxima preocupación do Goberno actual da cidade.

Con todo, en todos estes proxectos de humanizacións non parece, a teor do observado ata agora na execución das obras, terse en conta a sensibilidade ambiental que desde o Grupo Municipal do Partido Popular consideramos adecuada.

Máis ben parece que a máxima prioridade para o goberno é a realización das obras de forma masiva e executadas ao mesmo tempo, desordenadamente e desde logo cunha escasa preocupación no que se refire ao medio ambiente, á reciclaxe e á sustentabilidade no seu conxunto.

O malestar entre os veciños tamén se está vendo reflectido neste sentido, en forma de queixas e críticas permanentes nos distintos lugares onde se está procedendo ás "humanizacións", por causa das talas de árbores onde sen os adecuados estudos e garantías están sendo arrincados pradairos, cerdeiras e magnolios entre outros.

Por outra banda temos constancia desde o Grupo Popular da falta de sensibilidade e de seguimento por parte do Goberno, en todo o que se refire aos residuos e cascallos das obras que se están executando, respecto da súa reciclaxe e do procedemento

S.Ordinaria 27.04.09

máis adecuado en canto á súa xestión e tratamento. Máis ben cremos que debido á présa, estase realizando en moitos casos de xeito inapropiado, mesturando residuos como o asfalto e formigón, e noutros sen a clasificación e aproveitamento adecuados como ocorre coas “terras autóctonas” procedentes maioritariamente da execución das obras.

Noutras ocasións as actuacións en obras executadas en Vigo realizáronse con maior respecto e coidado das zonas verdes e do patrimonio natural que se vía afectado, ao mesmo tempo que se xestionaban adecuadamente para a súa correcta reciclaxe os residuos xerados nas mesmas.

Por todo o anterior o Grupo municipal do Partido Popular formula a seguinte proposta ao Pleno da Corporación para a súa aprobación:

- 1.- Que de xeito inmediato se poñan en marcha medidas correctoras cos estudos pertinentes e valoracións adecuadas, para evitar talas indiscriminadas e preservar o patrimonio natural da cidade, nas obras que se van acometer nos próximos meses.
- 2.- Instar ao Goberno Municipal a facer un seguimento intenso das obras que se executan, para que os residuos xerados nas mesmas se reciclen de xeito adecuado e evitando impactos ambientais. Así como que aquelas “terras autóctonas” que se xeren se volvan utilizar en proxectos de rexeneración ambiental que beneficien á área de influencia de Vigo.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 20 de abril de 2009, tomou coñecemento da anterior moción

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Vou comezar por facer unha reflexión sobre o último que acabo de escoitar, porque o que non se poden facer comentarios deste tipo e quedar tan ben. A mellora da situación do estanque do Berbés foi por unha proposta que nós presentamos...

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, por favor, ese debate rematou, continúe co seu.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Pero é que tamén ten relación... No seu día nós presentamos propostas que vostedes aprobaron. As propostas foron nosas.

En todo caso vou tentar cinguirme o máximo posible a esta moción que tamén trata de cuestións medioambientais e que se presenta por mor do Plan de Humanizacións tamén chamado, como acabo de escoitar esta mañá, Plan ZP. Tamén incluimos nesta moción cuestións relativas a todo o que se refire ó medio ambiente de todas as obras que se están levando a cabo na cidade: aparcadoiros, beirarrúas, etc.

Como dicía presentamos esta moción por dúas cuestións fundamentais. Por unha parte por todo o referido ó patrimonio natural desta cidade, é dicir, ás árbores e a esas talas indiscriminadas que coidamos que se están acometendo nalgúns lugares sen respectar ese patrimonio natural; por outra banda todo o que se refire ós residuos xerados en todas estas obras: aparcadoiros, AVE, humanizacións, etc., que son residuos que hai que reciclar convenientemente, hai que os levar a xestores autorizados e que pensamos que se poderían reutilizar perfectamente e en condicións para rexenerar praias, canteiras próximas á área de influencia de Vigo.

En todo caso coidamos que o goberno actual non ten a suficiente sensibilidade nas cuestións medioambientais, quizais por aceleración, quizais por exceso de présa ou desorganización, ou por outras moitas cuestións das que falaremos logo. En todo caso esa falla de preocupación polas cuestións medioambientais nos está levando a unha situación caótica. Xa denunciámos noutra ocasión a falla de interese e desidia do goberno e nesta ocasión témolo que volver facer, vémonos forzados a denunciar porque se están producindo moitos residuos, por exemplo as terras autóctonas que se poderían reutilizar para rexenerar praias e sen embargo non se está a facer.

Señores do goberno, o calado desta moción é maior do que puidera parecer, hai profundidade no que estamos presentando porque senón non o traeríamos a este Pleno. Dende logo pensamos que de todas estas cuestións deben dar explicacións ós cidadáns de Vigo e tamén ó noso Grupo municipal. Esperamos que dean esas explicacións e digan como se están levando a cabo todas estas xestións respecto ó medio ambiente, respecto ós residuos xerados e a esas talas que consideramos indiscriminadas.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Primeiro agradecerlle ó Partido Popular que presente esta moción. Sempre é moi gratificante que haxa un grupo político que lle permita ó goberno facer unha exposición de todo o que se está a facer. Seguramente vaise levar unha sorpresa, Sr. González Sagarra, porque me dá a impresión que non coñece moi ben o que facemos. Permítame un segundo para facer unha reflexión.

Cando falaban da execución do orzamento semellaba que ó Grupo popular só lle interesaba falar dos investimentos do Plan Zapatero. Pois á parte de falar destes investimentos, como ten que ver coa súa moción e afecta a este goberno e a min persoalmente, teño que dicir que estou moi orgullosa de pertencer a un goberno que é capaz de facer un volume tan grande de investimentos como os que hai na cidade

cambiándoa radicalmente, e quero que me entendan os cidadáns porque lles quero pedir desculpas polos inconvenientes que poden atopar. Estamos cambiando a percepción de cidadáns de primeira e de segunda, de pertencer a un goberno que ten coma prioridade rematar con esa discriminación e facilitarlles a vida ós cidadáns, senón déanse un paseo por Sárdoma e vexan a cantidade de beirarrúas e asfaltados que levamos feito.

Ademais do Plan ZP estanse executando investimentos propios do Concello de Vigo: Humanización da rúa Sanjurjo Badía, Alcalde Portanet, contorno de Povisa, Paulino Freire, Simón Bolívar entre rúa Venezuela e Praza Elíptica, rúa Extremadura, O Cristo, Numancia, Vilagarcía de Arousa, Eugenio Kraft, Travesía do Pino; beirarrúas en Cabral, en Castrelos, en Saiáns, na subida á Madroa, etc.

En canto á sensibilidade ambiental pouca cousa nos teñen que explicar. Cando se están facendo as humanizacións reúnense os departamentos porque todo se fai dun xeito coordinado, cunha programación exhaustiva e dúas veces á semana reúnense un grupo de técnicos e facultativos municipais de Tráfico, Xardíns, Electromecánicos, Vías e Obras, Limpeza para garantir que non haxa ningunha clase de descoordinación. Reúnense ademais os directores de cada obra, os coordinadores de Seguridade e Saúde e as asistencias técnicas de cada unha delas e tamén os sindicatos logo do convenio asinado co Sr. Alcalde.

Ese protocolo de actuacións comprende: plan de obra, o plano da planta e o estado das obras no momento actual, un informe dos coordinadores, un informe das visitas diarias que realizan os facultativos ás obras con cada incidencia e cunha reportaxe fotográfica, un informe do control de calidade no que se reflicten as análises dos materiais, os ensaios e os controis que se fan periodicamente e un cadro de seguimento semanal da produción da obra de control de calidade e comparativa coa previsión inicial e coa certificación mensual; ademais temos previsto un réxime de penalizacións e sancións no caso de que se incumpran as prescricións realizadas polo Concello.

Nos propios proxectos das obras o Concello de Vigo esíxelles ás empresas que o tratamento dos residuos e a súa reciclaxe sexa realizada por empresas xestoras homologadas e coa preceptiva autorización. Déase unha volta e verá como atopa algunha máquina que está triturando os residuos.

Os propios técnicos redactaron un estudo de xestión de residuos de construción e obras de acordo co RD 105/2008, nese estudo realízase unha estimación dos

residuos a xerar e establécense as medidas de prevención, as medidas para a separación dos mesmos, a reutilización, a valorización e a eliminación.

Pero aínda quixemos ir máis lonxe. Asinouse un convenio coa Asociación de Canteiros de Galicia co obxectivo de que nos presten apoio e asesoramento técnico na colocación e mantemento dos pavimentos que se están a utilizar nas obras, esta supervisión e asesoramento realízase polo Centro Tecnolóxico. Como pode ver non hai nin desorganización, nin descontrol.

Así mesmo, como lle dicía, para prevención dos riscos laborais asinamos un convenio con UXT, CIG e CC OO.

Parece ser que o que lles asustou moito foi a tala “indiscriminada” de árbores que din vostedes. Seguramente nunca se fixo un estudo coma o que lle vou ler agora mesmo: Rúa Andalucía. Os técnicos van esta rúa por veren o arboredo e non había nada, ningún tipo de arboredo. Entón o que imos poñer son seis unidades de Camelia Japónica. Na rúa Aragón non había arboredo e por iso puxemos camelias. Na rúa Aragón-Urzáiz non había nada e imos poñer camelias.

En canto á zona da avenida de Castelao saberán pola cantidade de protestas recibidas o que sofre e padece por alerxias a xente desa zona e por iso nós imos cambiar e poñer ligustros.

Nin na rúa Badajoz nin na rúa Baiona había arboredo. En Balaídos imos poñer oitenta e tres ameixeiras porque había trinta e tres árbores espino. Na rúa Baleares había corenta e seis tileiros e imos poñer cincuenta e dous. Na rúa Barcelona e no contorno do mercado de Bouzas non había nada. Na rúa Canarias había vinte e tres especies de ligustros e imos poñer noventa e tres ligustros. Na rúa Castrelos había trinta e un tileiros e agora imos poñer dúas variedades: oitenta e sete tileiros e dous carballos. Quere que siga lendo? Coido que queda suficientemente demostrado.

Non poden dicir que non coidamos as árbores porque estamos seguindo as instrucións dos informes dos técnicos para os protexer e coidar. Coido que a concelleira de Xardíns xa lles deu a explicación no seu momento cando lles dixo que as árbores que se tallaron na rúa Zamora estaban estragadas, mortas ou non se podían transplantar.

Coido que poucas leccións nos poden dar vostedes en canto ó coidado do medio ambiente porque é unha preocupación que temos dende o primeiro momento e non só por manter a arboredo, senón por poñer árbores novas, conservar o que temos, transplantalo sempre no seu caso e coidándoo sempre. Vaian pola zona de

Torrecedeira e verán o que lles dixen diante da Escola de Peritos; vaian por Urzáiz e verán o oco dos terróns das árbores que se levaron ó viveiro do Castro para as recuperar e volvelas poñer. A árbore que está enferma loxicamente non se volve poñer, poñemos outra árbore nova.

De todos os xeitos si lles pediría que ademais de ir visitar as obras boten tamén unha man, non poñan sempre pedras no camiño. É certo que están vostedes preocupados, cousa que demostra que o estamos facendo ben.

De aquí ó 31 de decembro, cando estea todo rematado os cidadáns vigueses poderán gozar dunha cidade máis humana onde se poida conxugar o transporte público, o privado e ademais o dereito dos cidadáns a pasear sen se atopar atrancos polas beirarrúas.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Espero que esta vez, xa que a Sra. Abelairas falou de todo o que quixo, a min non se me interrompa como noutras ocasións e como se está convertendo en algo cotiá neste hemiciclo.

A PRESIDENCIA: Continúe a súa intervención, Sr. González Sagarra.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Vou ler as dúas cuestións ás que instamos ó goberno nesta moción: “Primeiro: Que de xeito inmediato se poñan en marcha medidas correctoras cos estudos pertinentes e avaliacións axeitadas para evitaren tallas indiscriminadas e preservar o patrimonio natural da cidade. Segundo: Instar ó goberno a facer un seguimento intenso das obras que se executan para que os residuos xerados nas mesmas se reciclen de xeito axeitado e evitando impactos medio ambientais, así como que aquelas terras autóctonas que se xeren se reutilicen en proxectos de rexeneración ambiental que beneficien á área de influencia de Vigo”.

Voume centrar nisto e xa que se estendeu tanto na cuestión das árbores, vou empezar con elas, Sra. Abelairas, coas tallas indiscriminadas, pero non só falo diso, senón das humanizacións e outras obras que, como din os medios de comunicación e os propios veciños: “...estenden o caos circulatorio por toda a cidade” que diso falaremos tamén.

Facía referencia vostede ós sindicatos; pois dise que “os sindicatos vixiarán as condicións de seguridade das obras do plan governamental en Vigo”. E isto é así porque non se fían de vostedes, Sra. Abelairas e xa quedou demostrado aquí no

último Pleno cunha moción que presentou o meu compañeiro, Sr. Martiño, referida tamén a cuestións das obras que se están levando a cabo.

Coidan vostedes que somos nós os responsables da indignación dos veciños, de que os condutores se queixen polos colapsos nas rúas, do control dos sindicatos, coidan que somos nós os que alentamos esa situación. Non é verdade.

Sorpréndeme moito que sexa vostede quen faga a defensa desta moción. Vese e así queda plasmada aquí hoxe a importancia que lle dá o goberno actual ás cuestións medio ambientais.

Di: “O Concello dáse seis meses para que Vigo sexa unha cidade máis habitable”. Semella que esa cidade máis habitable consiste en encher todo de cemento e eliminar moitas árbores. Fíxese que ata moitos veciños poñen carteis como o que teño eu aquí onde se pide a humanización sen talla.

Non somos nós os que falamos da devastación, son os medios de comunicación quen din: “Unha vez máis o Concello de Vigo entende que humanizar é substituír beirarrúas vellas por escorregadizas baldosas novas, arrancar árbores grandes e poñer ridículos arbustos que morren a patadas cada noite de copas”.

Evidentemente que nós non estamos a favor da barbarie, todo o contrario, pero xa din os propios medios de comunicación: “No plan de execución do proxecto anunciábase a plantación da arboredo pero non a eliminación da existente”. Esta nova refírese ó tramo de Urzáiz e ademais inclúe o seguinte comentario: “Antonte as escavadoras que levantaban o pavimento engadíronse ás serras do servizo de Parques e Xardíns, semellaba unha actuación típica de temporada: pola mañá os operarios afanados en podar as ramas dos exemplares que se atopan na marxe dereita da vía no sentindo ascendente, pero pola tarde as máquinas empregáronse a fondo en levarse por diante as árbores deixando unha paisaxe desolada”. Esta nova ven tamén con fotografías.

Sra. Abelairas, vostedes fano con premeditación, con aleivosía e tamén con nocturnidade tal e como se ve nestas fotografías. Fano pola tarde-noite para que cando esperten os veciños pensen que foi un pesadelo, que foi un sono. Pero a iso é ó que lles gusta dedicarse vostedes, a tentar agochar a realidade e que os veciños non saiban se había ou non árbores nesa zona, mesmo os medios de comunicación definen as humanizacións: “Dise daquelas actuacións encamiñadas a ampliar as beirarrúas da cidade coa finalidade de que haxa máis superficie para os excrementos dos cans e menos aparcadoiros para vehículos, de tal xeito que os cidadáns non

teñan máis remedio que adquirir prazas de aparcadoiros...etc.” Non imos entrar en máis detalles, coido que xa é suficiente.

Á parte hai novas provocadas por estas humanizacións e por outras obras como a seguinte: “A rotura dunha canalización deixa sen auga durante tres horas a centenas de vivendas”. Estes son efectos colaterais do desastre de todas as actuacións que están levando a cabo vostedes. Logo por riba, como facía a Sra. Díaz, acusan ó Partido Popular de alentar as queixas veciñais contra as obras. Pero é que son os propios veciños os que se queixan, non somos nós.

Teño aquí outra nova que di: “Así como os afectados da rúa Zamora e o seu contorno se engadiron ás últimas críticas vertidas polos veciños do Casco Vello pola coincidencia dos traballos, a supresión de prazas, a ausencia de solucións para os comerciantes das zonas afectadas...” É ese o xeito como vostedes facilitan e tentan mellorar o emprego desta cidade, prexudicando ós comerciantes o que é outra desgracia para esta cidade. Outra nova di: “...Crearón unha comisión de afectados e Coia se mobiliza...” Podemos seguir falando de todas as queixas e mobilizacións dos veciños e isto é porque vostedes non o fan de xeito sensato, coherente ou ordenado. Voulle poñer un exemplo que ademais seguro que lle gusta, é o caso do Sr. Vázquez na Coruña que remataba unha obra e comezaba pola outra e non as facía todas á vez de xeito desordenado e caótico como fan vostedes.

Pero é que ademais nos gustaría que revisaran se as obras están cumprindo coas especificacións contratadas en moitos sentidos e tamén neste. Gostaríanos saber por que, se tanto lles preocupa o medio ambiente, non realizaron obras de saneamento en moitas outras zonas da cidade como por exemplo en Bembrive onde aínda hai trinta e seis vivendas sen sanear. Vostedes cuns orzamentos moi elevados non están facendo nada nese sentido nin noutros, só provocar desorde e caos cos levantamentos masivos, etc.

Preguntámonos por que os veciños non poden ir tranquilamente ó seu lugar de traballo, non poden levar os seus nenos ó colexio, non poden ir o médico e non poden facer nada porque realmente vostedes están provocando un caos que é inadmisíbel. Logo voulles mostrar unha fotografía dunha rúa completamente intransitable e vostedes nin sequera teñen en consideración o paso de persoas con algún tipo de discapacidade física porque mesmo para os propios veciños non é posible acceder a esa rúa. Esa é a realidade do que están facendo.

En canto as árbores, claro que nos preocupan, preocúpanos que dilapiden o

patrimonio natural desta cidade. Se tiñan asumido todo este investimento, se dende o pasado outubro ou novembro sabían que se ían facer estas obras, por que non fixeron estudos previos ou non prepararon o terreo? Porque este non é o momento mellor nin o máis apropiado e dígollo eu que algo diso saberei porque son enxeñeiro agrónomo, tanto que lles gusta a vostedes falar de currículums pero, como dicía o meu compañeiro o Sr. Figueroa, somos máis humildes que vostedes.

En todo caso preguntámonos por que previamente non fixeron os estudos axeitados cando tiñan o tempo suficiente para os facer xa dende o pasado mes de outubro. Agora, tal e como dicían na anterior descrición, primeiro podan e logo arramplan con todo. Iso é en moitos casos, é verdade que non en todos porque tamén se fixeron cousas ben, pero fíxense nas árbores que se levantaron en Urzáiz, os hibiscus na rúa Coruña, ou os chopos, aínda que tamén hai que dicir que estes últimos estaban moi estragados.

Tampouco atopamos as partidas económicas no orzamento do ano pasado para facer estes estudos. Teño aquí o orzamento e non as atopo, díganme onde están esas partidas para facer os estudos medio ambientais referidos ás tallas; díganme por que non planificaron axeitadamente, por que non as fixeron axeitadamente, por que están deixando morrer tantas árbores que ademais custan moitos cartos. Eu podo entender casos como o dos magnolios do Paseo de Alfonso pero non outros porque esas árbores que se arrancan vostedes as substitúen custándolle moito diñeiro a este Concello e así dilapidan a súa fortuna.

Enriba, Sra. Abelairas, vostede ousa dicir que nas rúas onde se están facendo humanizacións en troques de poñer bolardos para evitaren os aparcadoiros, van poñer testos e a min dáme medo porque, se por riba vostedes están dicindo que van encher toda a cidade de froiteiros, preguntome se neses testos van poñer grelos ou algo como a “horta da aboa”; non o sei pero a verdade é que mo pregunto. Comprenderá que teña tremor a que faga algo así.

Sra. Abelairas, só se cinguiu ó tema das tallas das árbores e aí sinceramente pedímoslles que fagan estudos, que o valoren e que tenten evitaren prexuízos para o patrimonio natural. Pero hai outro tema que tamén me preocupa grandemente e que expuxemos no segundo punto desta moción, refírese ós entullos, formigón e asfalto que son os residuos procedentes das obras que se están executando nesta cidade.

Para que o entendan todos os que nos poidan escoitar: referímonos ó asfalto e ó formigón que se extrae do levantamento das rúas, referímonos tamén ás terras

autóctonas procedentes da execucións dos aparcadoiros e referímonos a que se está facendo e a como se están xestionando todos eses residuos. Parécenos absolutamente lamentable, caótico e un atropelo contra o medio ambiente. Voulles explicar por que.

Vou comezar poñendo exemplos de cousas que se fixeron ben: fíxose ben a extracción coa tuneladora polas obras do AVE. Hai unhas máquinas para a trituración e separación dos entullos destas obras; fixéronse reciclaxes correctas en canteiras, pecháronse e recuperáronse de xeito correcto, tal é o caso da canteira de Penedo do Can, outra en O Porriño e tamén outra en Atios-Porriño. Fíxese o que hai que facer para recuperaren eses entullos. Se quere eu llo explico, estou disposto a facilitarlle toda a documentación porque xa vexo que vostedes non son quen do facer. Dende logo hai moitas formas do facer ben e así se fixo en moitas ocasións. Vostedes non e voulles poñer cinco ou seis casos. Vostede é unha irresponsable política Sra. Abelairas e voulle explicar por que.

Cando se levantan rúas extráese asfalto e formigón. O asfalto leva piche e outros aditivos e o formigón leva ferro e hai que os rexenerar e xestionar separadamente, Sra. Abelairas. O formigón ten unha profundidade de 20/30 cms e o asfalto entre 6 e 8; case é máis preocupante o asfalto que o formigón. En todo caso o que están facendo vostedes en moitas obras é mesturar absolutamente todo. Hai moitas fotografías de todo isto, pero o que é peor, Sra. Abelairas, é que cando se fai correctamente a separación ó realizaren a obra, logo van ó mesmo sitio e o mesturan de xeito ilegal.

Preguntámonos en primeiro lugar por que as terras dos aparcadoiros da área de Vigo e as procedentes da ampliación do Aeroporto se estiveron levando a Portugal e non sabemos por que, de que xeito, con que permiso de tránsito, con que documento de orixe e por que se estiveron xa cometendo ilegalidades con esas cuestións.

Sra. Abelairas, tería que xustificar e explicar todas estas cuestións; por que os empresarios das adxudicatarias estaban pagando a portugueses para rexenerar canteiras en Portugal; preguntámonos por que non se rexeneraron canteiras na área de influencia de Vigo, no Porriño, en Gondomar, en Tui ou noutras áreas. Preguntámonos por que, Sra. Abelairas, estase permitindo que na área de San Andrés de Comesaña, da xurisdición deste Concello, se comete tal aberración, tal atentado contra o medio ambiente, pero polo que vexo vostede non ten coñecemento do que digo; ou iso ou vostedes están en convivencia con todas esas empresas que están

cometendo todas esas irregularidades. Explíqueme por que se están cometendo todas esas atrocidades.

O que pasa é que levan os entullos separados, bótanos alí e logo os machacan nun terreo que ademais non está preparado. Iso é unha ilegalidade que se fai nun terreo pertencente á Comunidade de Montes de San Andrés de Comesaña. Sra. Abelairas, infórmese.

Gustaríanos que nos dixera, tal e como se pode ver polas fotografías que teño e que estou disposto a facilitar a quen mas pida, por que non está preparado ese terreo para evitaren as filtracións a augas autóctonas. Gustaríanos saber como se fai a drenaxe, por que semella que non hai ningún tipo de drenaxe cando ese terreo ten que estar preparado para facer unha drenaxe axeitada e metelo en depósitos que logo se reciclan. Gustaríanos que nos explicara e que nos xustificara esta actuación porque vostedes tamén teñen unha responsabilidade compartida, porque hai unha responsabilidade subsidiaria deste Concello en todas as ilegalidades que se están cometendo e esta é a primeira que vou nomear.

Polas fotografías que teño pódese ver como se está cometendo un auténtico atentado contra o medio ambiente no parque recreativo de Abilleira-Ribadelouro en Tui, sendo corresponsable diso o goberno desta cidade quen ou non se quere decatar e mira cara outro lado, ou está en conivencia como dicía antes con moitas empresas que están cometendo todas estas ilegalidades. Gustaríanos que nos explicara todo isto.

Gustaríanos saber por que os entullos dun edificio da Praza de España estanse levando a Portugal, o Polígono Industrial do Cerdal en Valença e alí estanse aterrando no monte. Gustaríanos que nos explicaran isto tamén.

Vostedes non teñen ningún tipo de consideración co medio ambiente e isto preocúpame moito máis que o das árbores. Non están facendo un seguimento axeitado.

Sra. Abelairas, as empresas adxudicatarias teñen a obriga de entregar ó Concello de Vigo un certificado de xestión de residuos. A empresa xestora dos residuos entrégalle o certificado ó transportista que realizou o transporte dende esas obras e ese transportista entrégao ó adxudicatario que é o xerador dos residuos, despois ese adxudicatario o ten que entregar ó Concello. Vostedes non están facendo ningún seguimento diso. Insisto en que non están facendo nada de nada ou quizais están mirando para outro lado.

Sra. Abelairas, temos que explicar por que se están aterrando detrás do centro comercial Alcampo da avenida de Madrid e xunto ó río, nunha planta de reciclaxe móbil, por que se están levando alí residuos, por que se están xestionando, manipulando e aterrando por unha empresa que ademais, non o podo asegurar, pero coido que está cometendo unha ilegalidade, non sei se esa empresa é ou non xestora, non teño a seguridade nin a certeza diso. Gustaríanos que nos explicara que saben vostedes de todo isto porque unha de dúas, ou acepta e di que non o sabía ou sinxelamente está facendo o xogo.

Pídanlle á UTE Dragados Exconsa un estudo da cantidade de residuos que se xeran e se van xerar nos aparcadoiros de Pi i Margall e de Jenaro de la Fuente, pídanlles o grao de execución das obras e o certificado que acredite a reciclaxe dos residuos e das terras autóctonas e faga a súa xestión de seguimento e de preocupación polo medio ambiente, porque non están facendo absolutamente nada porque non teñen ningunha sensibilidade.

A PRESIDENCIA: Lémbrolle que leva media hora de intervención.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Gustaríanos saber por que non están esixindo que se traballe cos xestores autorizados como poden ser Toysal, Vila Rodríguez, Couceiro, CotraSur, entre outros; por que as empresas adxudicatarias non están traballando con eses xestores autorizados e por que están permitindo vostedes todas as atrocidades medio ambientais que se están facendo. Gustaríanos saber, se en Vigo hai unha necesidade de verter un volume de 300.000 toneladas de terras autóctonas, por que non se están utilizando para rexenerar praias. próximas ou da área de influencia de Vigo. Dámoslles alternativas e achegamos ideas. Negocien coa canteira de Ribadetea que aínda que non é suficiente ten capacidade para 50.000 metros e está preparada para bater e rexenerar.

Falen tamén con AXESTRA e voulles ler outra nova: “A asociación de escavadores denuncia competencia desleal nas subministracións. Denuncian onte a través dun comunicado a suposta competencia desleal das empresas que executan as humanizacións das rúas custeadas polo Plan de Dinamización Local. “Non lles abonda con se repartir a torta entre uns poucos, senón que agora vemos que tamén a subcontratación do traballo se lle dá a empresas que non están no ámbito de Vigo e, o que aínda é máis grave, coa baixada de prezos incluído””. Isto quere dicir que

vostedes adxudicaron unhas obras e fixérono cunhas pautas que sabían perfectamente non se axustaban ó cumprimento da lei en canto á rexeneración de residuos.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, por favor, vaia rematando. Leva a intervención máis longa que se fixo dunha moción seguramente nos últimos tres meses.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Como lles dicía, tamén lles facemos propostas: Falen coa Comunidade de Montes de Zamáns e saberán que alí teñen ata 600.000 metros de capacidade para rexenerar eses residuos; falen con eles.

Vostedes non queren falar nin con Axestra, nin coa Comunidade de Montes de Zamáns, nin con ninguén e ó final temos un auténtico caos, un auténtico desastre medio ambiental para o que vostedes non teñen resposta. A ver se nolo explica, Sra. Abelairas, teríanos que dar algunha xustificación ou polo menos recoñecer que non se está a facer ben e tentar cambiar o rumbo.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Voulle dar unha explicación pero seguramente non lle vai gustar.

Os que me coñecen saben que eu son moi impulsiva e así me saíu da alma unha expresión pola que lle pido desculpas; saíume do fondo cando vostede dixo que se estaban reciclando de forma axeitada os residuos da tuneladora e como escoitei tantas veces que non había tuneladora saíume a expresión. Sabe que ás veces se perden as formas sen quererem. Saíume do fondo da alma porque me estrañou que vostede dun xeito inconsciente e para se meter comigo mesmo recoñeceu que hai tuneladora.

Primeiro si hai cousas que me preocupan: o ton. Coido que en política hai que ter as cousas un pouco claras. Ese ton que utiliza vostede que eu respecto, é coma se estivese vostede enfadado ou resentido, pero non preocupado.

Dime vostede que non estamos reciclando axeitadamente os residuos do aparcadoiro de Pi i Margall e coido que se pasou bastante porque, hai algún aparcadoiro en Pi i Margall? Non se pode mentir tanto. É a primeira vez na historia de Vigo que se acomete semellante volume de humanizacións e, por certo, foi exactamente igual ó que se fixo na Coruña e digo isto porque semella que vostede está moi orgulloso do que se fixo alí. Pois se fixeron todas xuntas e lémbrolles a preocupación do Partido

Popular porque Paco Vázquez ganaba sempre por maioría absoluta.

Non minta e infórmese. Estiven reunida coa Asociación de Escavadores. Non lle vou contar a vostede o que falamos pero pregúntelle ó Sr. Alvariño que seguro que llo di. Di vostede que as adxudicacións non se axustan á lei. Vostede é moi bruto, Sr. Sagarra, teña en conta que na Mesa de Contratación está o Partido Popular. Sei que dixo vostede iso porque eu o copiei con letras maiúsculas.

Cando se fala moito e se pensa que a cantidade ten que ver coa calidade, métese a pata. O bo, se breve dúas veces bo. Sr. Sagarra. Dixo vostede iso e eu dígolle que non sexan brutos porque están vostedes na Mesa de Contratación. Non fale tanto, Sr. Sagarra, aclárese e diga a verdade.

Chamoume irresponsable política. Sr. Alcalde, eu quero seguir sendo unha irresponsable política como di este señor, quero seguir facendo humanizacións, seguir traballando porque haxa cada vez máis e porque cheguemos coas humanizacións ó límite con Redondela, a Peinador, a Zamáns e a Saiáns. Ese día estará Vigo como ten que estar e ese día todos seremos un pouco máis felices.

O estudo fotográfico que ten vostede que xa debe ser un fondo marabilloso e estupendo, agora ten a oportunidade de levarllo ó Sr. Conselleiro de Medio Ambiente que seguro que está moi preocupado co que están facendo en Tui cos residuos, moi seguro, e tamén pola recuperación das canteiras. Dixo tanto que eu xa lle digo que “quen moito fala, moito erra”.

Vólvolle dicir que nos proxectos das obras o Concello de Vigo lles esixe ás empresas que o tratamento dos residuos e a súa reciclaxe sexan feitos por empresas xestoras homologadas, segundo o RD 105/2008, e neste documento se inclúen Limpeza, Parques e Xardíns, Vías e Obras, técnicos do Concello, os convenios asinados co Centro Tecnolóxico de Galicia, os asinados cos sindicatos, etc.

Eu non o quero insultar, non lle quero chamar irresponsable político por poñer o exemplo da nocturnidade e da aleivosía de Urzáiz, pero si lle vou chamar ignorante político ou polo menos ignorante xardineiro porque por moi enxeñeiro agrónomo que sexa en xardíns e en recuperación de árbores non ten nin idea. Nós non gastamos os cartos en asesorías técnicas de fóra, os nosos informes fanos os técnicos do Concello, non vaia ós orzamentos por veren onde están os informes de algunha asesoría de fóra. Os técnicos do Concello, no punto 2 do documento que teño din:

“Transplante de arborada de rúas: Coa finalidade de asegurar o éxito do transplante da arborada de rúa e tendo en conta as súas características botánicas e físicas, idade e desenvolvemento, realizaranse para o seu transplante as seguintes operacións:

- A) Poda de equilibrio do sistema aéreo (*podar e cortar a parte de enriba*) realizando un terciado das polas secundarias (*hai polas principais e secundarias*) tendo en conta as súas características botánicas e físicas; eliminación de froitos e flores e posterior tratamento dos cortes con produtos funxicidas selantes (*ou sexa, estanos tratando, non vaia pensar que os estamos envelenando; estamos botando funxicidas para matar a peste*).
- B) Aplicación de antitranspirante foliar (*non é un desodorizante*).
- C) Protección do tronco e polas principais con malla de iute, atado de polas grosas e troncos en árbores multicaules”.
- D) Apertura de gabia perimetral para a formación de cepellón. Esta operación levarase a cabo con sumo coidado (*por iso se aproveitan as horas nas que non están as máquinas traballando*). Ó tratarse de árbores en rúas as raíces atópanse entrelazadas con conducións e deben seren separadas manualmente efectuando podas radiculares que posteriormente serán tratadas con funxicidas sellantes (*as podas radiculares son nas raíces*).
- E) Fixación do cepellón con malla metálica.
- F) Extracción do exemplar con guindastre, amarrando as eslingas ó cepellón e á corda.
- G) Traslado dos exemplares ó seu lugar definitivo onde previamente se abrirán as fochas de plantación. Cada focha de plantación suporá a extracción dun metro cúbico de terra que se separará en función da súa calidade e só se aproveitará a capa de terra que reúna as características idóneas para a plantación, o resto será rexeitado e substituído por terra vexetal.
- H) Plantación mantendo a mesma distribución e orientación previo tratamento hormonal do sistema radicular para favorecer a emisión de novas raíces.
- I) Rega copiosa da plantación e instalación de rega por goteo para manter a humidade constante no sistema radicular no proceso de arraigo, establecemento e novo emprazamento”.

Por certo, é nos viveiros municipais onde se fai todo iso: no Castro, Castrelos, Lagares, etc. Isto asínao o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns porque só os técnicos do Concello teñen a capacidade suficiente non só para facer o informe, senón para revisar como se están a tratar as árbores nas humanizacións. Xa lle dixen que hai dúas reunións á semana e que se está facendo un seguimento continuo. Vostede dálle moita importancia pero nós lle damos moita máis da que cre.

Nas rúas Cristo, Elduayen, Estrada, Eugenio Kraff, Extremadura, Faustino Álvarez, Jesús Fernández, Antela Conde, Marín, Palencia, Paulino Freire, Portanet, Redondela, Sagunto, Sanjurjo Badía nas tres fases; na rúa Tarragona, Toledo, Tomás Alonso, Val Miñor, rúa Vilagarcía, Andalucía, Aragón, Badajoz, Baiona, contorno do mercado de Bouzas, rúas Cristo e Elduayen non había ningún tipo de árbores. Voulle poñer exemplos do que imos poñer agora.

En Castrelos había trinta e unha unidades de tileiros, vai haber agora oitenta e nove. Outro exemplo: na rúa Coruña imos pasar de oitenta e oito a noventa e oito. En

Faustino Álvarez pasaremos de cero árbores a doce. Na rúa Florida pasaremos de doce unidades de aligustres a duascentas doce árbores autóctonas como son bidueiros, pereiras, maceiras e cerdeiras; árbores autóctonas. Fíxese se lles queremos as árbores que imos pasar a douscentos doce.

En Jesús Fernández imos pasar de cero a cinco camelios. En Antela Conde imos pasar de cero a vinte camelios, na rúa Marín imos pasar de cero a seis, na rúa Palencia imos pasar de cero a trece, no Paseo de Alfonso imos pasar de vinte e un a trinta e oito, en Paulino Freire-Bouzas (Bouzas tamén é Vigo) pasaremos de cero a catorce árbores, na rúa Pescadores...

A PRESIDENCIA: Sra. Abelairas, vaia rematando, por favor.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Déixeme que me luza. Aínda que remato agora mesmo porque coido que non hai moito máis que dicir, pero logo de escoitar tantas cousas e tantas mentiras síntome na necesidade, non de ensinar porque sería presuntuoso, pero si de puntualizar as cousas.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Paréceme que a que está mentindo é vostede, Sra. Abelairas, así queda demostrado porque aínda si que é verdade que respondeu a moitas cuestións sobre a talla de árbores á que eu facía referencia, pero non respondeu ó resto e ese silencio é moi significativo.

Repítolle que eu non dixen en ningún momento, por moito que vostedes queiran inventar, que as adxudicacións sexan ilegais, non. O que estou dicindo e repítollo, Sra. Abelairas, é que hai uns pregos de condicións que o goberno desta cidade ten que facer cumprir e que vostedes non o están facendo porque non lles interesa, porque adxudicaron moitas obras a empresas que polo que sexa lles interesan e logo de escoitala me atrevo a dicilo,. Xa sabemos que nós estamos presentes nas adxudicacións, pero adxudicaron sen ter en conta que había que cumprir uns pregos de condicións que, insisto, vostedes non están facendo cumprir. Agora podemos chegar á conclusión de que en moitos casos eses orzamentos presentados tiñan baixas temerarias, é dicir, sabían que non podían cumprir cunha lei de reciclaxe de residuos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Non, pregúntelle ó compañeiro de seu que está na

Mesa de Contratación.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Sra. Abelairas, hai moitas empresas e vou citar algunhas que están realizando as obras, como Movex Vial, Valoia, Derribos Vigo, UTE Dragados-Exconsa, Puentes, etc.; algunhas ou moitas desas empresas están a cometer irregularidades ou ilegalidades e senón chamen ó SEPRONA e fagan unha investigación porque están cometendo unha auténtica atrocidade como se pode demostrar con moitos residuos procedentes destas obras. Están cometendo irregularidades e están arremetendo contra o medio ambiente. Iso é un atentado contra o medio ambiente e vostedes non están facendo o debido seguimento. Iso é o que lles solicitamos nesta moción que, se a le con atención, decatarase que é ó que lles instamos.

Polo tanto non respondeu a esas cuestións e así coído que as mentiras non as digo eu. Debería reflexionar sobre o que lle comentei e facer ese seguimento que lles esiximos.

As obras estanse facendo de xeito improvisado, desorganizado, descoordinado e provocándolles moitos prexuízos ós cidadáns vigueses, ós comerciantes e mesmo ás empresas de aquí que non tiveron opción á adxudicación destes contratos porque non podían cumprir con esa lexislación de reciclaxe de residuos.

Moi pouco di de vostedes que hoxe non faga aquí ningunha intervención un representante de Medio Ambiente ou de algún outro departamento. Para min isto é un auténtico desastre.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vostede sabe algo do que é a coordinación?

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Só lle instamos ó que lle dixen e ademais a que utilicen as terras autóctonas na rexeneración de praias porque teñen moitas opcións para iso e non se está facendo tampouco de xeito axeitado. Xa lles puxen moitos exemplos, se quere llos resumo e llos entrego despois.

(Está ausentes o Sr. López Font e a Sra. Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

S.Ordinaria 27.04.09

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, instando se realicen estudos e se tomen medidas para protexer o medio ambiente co gallo das obras de humanización.

10- 69).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO SE SOLICITE Á EMPRESA VITRASA QUE REALICE XESTIÓNS ENCAMIÑADAS A QUE OS USUARIOS POIDAN SOLICITAR A TARXETA DE TRANSPORTE EN CALQUERA OFICINA DE CAIXANOVA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de abril de 2009, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

“Na actualidade, por acordos dos sucesivos Gobernos Municipais, a concesionaria do transporte urbano de Vigo, VITRASA, pon á disposición dos seus usuarios distintas modalidades de tarxetas e bonos que facilitan ós usuarios o uso do transporte urbano.

Destas distintas modalidades destacan principalmente polo seu carácter social, subvencionado e de axuda ós máis desfavorecidos, as tarxetas de pensionista, tipos I e II, e a denominada Tarxeta Social. Non obstante, o trámite de expedición destas tarxetas non é o mesmo en todos os casos, diferenciándose fundamentalmente en que mentres no caso da tarxeta normal, da tarxeta de estudante e da tarxeta universitaria o trámite da solicitude se pode facer en calquera oficina de Caixanova, no caso da tarxetas de Pensionista, Tipo I e II, e a tarxeta social o trámite unicamente pode facerse nas oficinas centrais de Vitrasa, situadas lonxe do centro da cidade, ou á intemperie no posto de información do que dispón a concesionaria na Porta do Sol co prexuízo que isto causa ós usuarios nos días de chuvia ou frío.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo a adopción de seguinte acordo:

Solicitar da concesionaria Vitrasa que co gallo de dar un mesmo tratamento a todos usuarios e de facilitar a tramitación no caso das tarxetas de pensionista I e II e da tarxeta social, realice as xestións necesarias encamiñadas a que todos usuarios poidan solicitar as tarxetas de transporte a través de calquera oficina de Caixanova.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 20 de abril de 2009, tomou coñecemento da anterior moción

O concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Aínda que sexa un tópico, agradézolle esta moción igual que moitas das que presentan porque así dan a oportunidade ó goberno municipal de dar explicacións da súa xestións, cousa que en ocasións non é fácil ou non ten moita repercusión.

Xa ven de moitos anos o feito de que se teña que presentar distinta documentación para un ou outro tipo de tarxetas. É obvio que para a tarxeta xeral non se teña que presentar ningunha documentación por seren absolutamente xenérica e calquera cidadán pódela obter en calquera sucursal de Caixanova. O mesmo pasa coas tarxetas de estudantes porque o requisito que se esixe de acordo co impreso oficial do Concello e o centro educativo correspondente, non necesita ningún tipo de preparación e é case imposible facer algunha barrabasada con esa documentación.

Realidades distintas son a documentación que se esixe para “Pensionistas 1 e 2” e para a que vostede chama “Tarxeta Social”. Por certo, esta última é unha proposta nova deste goberno municipal aplicada por primeira vez este ano e vostede nos dá unha idea de marketing moi boa porque xa a ten bautizada como “tarxeta social”. Esta é unha proposta deste goberno para cubrir precisamente ós que teñen os cursos do paro ou a renda activa de inserción que ó mellor non está suficiente publicada e coido que non é malo que se faga porque é unha aposta deste goberno como moitas outras a prol dos temas sociais e de atender ós que máis necesidades teñen.

Pero se son realidades distintas, a documentación que se pide para “Pensionistas 1 e 2” e para a que vostede chama “Tarxeta Social” teñen que ter solucións distintas, non pode haber en cada sucursal de Caixanova un experto en ver se a documentación do INSS é ou non a correcta ou se se presenta algún tipo de documentación que non responda totalmente á verdade. É por iso que a presentación desa documentación ten que estar absolutamente centralizada e de feito naceu así, Caixanova non aceptou xestionar ese tipo de tarxetas porque lle requiriría ter persoal preparado practicamente en todas as sucursais cousa que sería unha absoluta barbaridade.

Para realidades distintas hai que dar solucións distintas, pero o que si lle podo anunciar é que este goberno está preocupado porque a atención ós cidadáns sexa a mellor posible en calquera circunstancia. Verá vostede moi pronto, porque mesmo

temos xa o letreiro aínda que nos falla organizar o espazo na lonxa, que a tarxeta de transporte público para todos eses casos vai ser tramitada na lonxa do Concello a partir de moi pouco tempo, posiblemente menos dunha semana. Vai ser tramitada aquí porque nos preocupa a atención ós cidadáns, porque queremos que sexa o máis cómodo posible para todos eles.

Procuramos dar todas as facilidades porque, por exemplo, mesmo facemos o trámite necesario do INSS para "Pensionistas 1 e 2" atendendo a que moitas desas persoas son de idade elevada e ó mellor teñen dificultades para se desprazar, sempre que eles o autoricen e tendo en conta a Lei de protección de datos. Nin sequera é necesario que os propios pensionistas vaian ó INSS e así melloramos a atención ós cidadáns que dende logo é a nosa preocupación.

Polo tanto o que vostede propón está claramente superado pola proposta que pon o goberno enriba da mesa. Malia que o que se pensa pola súa banda é claramente distinto ó que se pensa pola nosa, unha proposta tan xenérica haberíaa que votala favorablemente pero como neste caso a solución que propoñen vostedes é moito peor ca que imos dar pola parte deste goberno, teremos que dicir que non a esta moción.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Sr. Calviño, non me sorprende o que vostede di, pero si que sempre estea utilizando as mocións que lle presento para dicir que xa están feitas.

A moción que presentei no último Pleno facía referencia a temas de persoal e vostedes dixeron que xa estaban solucionados. Efectivamente, dous días logo de presentaren a moción neste Concello vostede solucionounos. Hoxe di que o que eu propoño na miña moción xa o pensara vostede. Semella que teño unha bóla de cristal e vexo sempre o que vostede quere facer. Pero non é vostede o primeiro que fai isto, hai compañeiros de seu que cada vez que presento unha moción din que non a entenden ou que non saben de que vai e ó final acaban facendo o que eu poño na moción. Hoxe mesmo o Sr. Mariño dicía que non entendía a moción da miña compañeira Sra. Larriba. Coido que non entenden vostedes as cousas cando non lles interesan.

Sr. Calviño, di vostede que supera o que eu solicito e que vai colocar unha oficina na lonxa e eu pregunto se vai ser a peixaría ou carnizaría, porque para solicitaren un empadroamento a xente ten que facer cola como se fose á peixaría. Hai bastante xente que non está conforme con esa situación e vostede pensa colocar ó outro lado

máis do mesmo. Coido que a lonxa está demasiado saturada e o que ten que facer vostede é non saturala senón daren solucións.

A solución que presentamos nós é moito máis ampla porque con ela se dá cobertura en toda a cidade sen que as persoas se teñan que desprazar a un lugar determinado.

O Sr. Alcalde puxo a solución do número pero a moitas persoas maiores se lles pasa e para saberen iso, Sr. Calviño, hai que estar na rúa, hai que coñecer á xente. Aquí abaixo na lonxa a moitas persoas maiores se lles pasa coller o número e así lle botan a pertinente reprimenda ó funcionario correspondente ó que vostede tamén critica, a quen vostede acusa de errar en ocasións. Pero xa lle dixen, Sr. Calviño, que a súa sinatura é a última e quen erra é vostede e non o funcionario.

Isto é o que está pasando cos números da lonxa. Nalgún momento xa faremos a correspondente moción, estamos dando tempo para que non poidan dicir, como fan, que estamos enturbando.

Vostede di que protexe ás persoas maiores, pero de trouxeren eu unha fotografía da xente que está esperando na lonxa poderíase ver que é toda xente maior, porque nestes momentos "Pensionistas 1 e 2" hai sobre unhas 20.000 persoas. Di que isto ven de atrás pero é que noutros momentos non se daba esta situación.

Sr. Calviño, di que Caixanova non ten xente preparada. Novamente vai enriba da xente que traballa. Teña en conta que hai xente moi preparada en todos os sitios e non fai falla que Caixanova poña xusto a alguén para que recolla as contías da Seguridade Social que superen 4.708 euros. Caixanova no seu momento dixo que non ía ter xente para este tema e iso foi porque non quería ter persoas só para iso, pero é que xa as ten, nestes momentos recollen a documentación para as tarxetas dos universitarios, pois que recollan unha documentación tan sinxela como é a dos ingresos das non contributivas. É moi sinxelo, Sr. Calviño, e se vostede non o sabe eu explícolle que é unha pensión non contributiva, é unha cantidade moi pequena e se ve axiña. Non fai falla ter un amplo coñecemento en dereito laboral para saberen o que significa unha pensión non contributiva.

Sr. Calviño, o que nós pedimos é que nos preocupemos da cidadanía e sobre todo da maior, dos "Pensionistas 1 e 2", porque esas colas que fan na Porta do Sol, con eses temporais de chuvia que en Galicia adoitan seren moitos, está claro que prexudican a súa saúde. Pero agora vostede quere traelos a que fagan a cola aquí? O que quero é que non fagan cola porque tamén teñen os seus dereitos, ou non son cidadáns de primeira eses "Pensionistas 1 e 2"? Van seren de segunda clase? Eu coido que non. O

que eu lle pido a vostede, é que teña conciencia de cidadán.

Di que eu bauticei a “Tarxeta Social”, moitas gracias pero posiblemente non le as páxinas de internet do Concello onde se fala da “Tarxeta Social” e por iso non se decata, pero non se preocupe que aquí está a oposición para lle indicar en todo momento o que a vostede lle falte. Vostedes véndennos constantemente doces e ó final o que nos dan son patacas quentes que nós temos que asumir.

Non quero entrar na moción do meu compañeiro, Sr. González Sagarra, aínda que vostede si o fixo e o Sr. Alcalde non lle dixo nada, pero habería moito máis que dicir de moitas das cousas que fan vostedes e ó meu compañeiro non lle deixaron.

Está claro que o que nós solicitamos é que sexamos todos cidadáns de primeira e que as persoas que queiran solicitar tanto a “Tarxeta Social”, como a de Pensionista 1 e 2” que son gratuítas, o poidan facer en toda a cidade de Vigo. Isto é máis do que vostede propón porque vostede di que veñan a un só punto fronte a todas as oficinas de Caixanova que eu propoño. Insisto en que a documentación necesaria é a certificación da pensión non contributiva que é sinxelamente un papel que os traballadores de Caixanova están fartos de veren.

Reitero o meu pedimento esperando que neste tempo o pense mellor porque xa vin que en menos de trinta segundos vostedes cambian do “non” ó “si”. Espero que neste tempo o Sr. Alcalde lles volva comunicar que esta moción é interesante e poidan dicir que si.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Non sei a que se refire co último porque dende logo que nós tiñamos claro as mocións que imos aprobar ou rexeitar. No día de hoxe non se cambiou ningún criterio respecto a ningunha moción e menos cando se presentan de xeito tan xenérico.

A verdade é que non ten nin pés nin cabeza o que vostede di e iso por unha razón moi sinxela: Non lle podemos pedir a unha institución privada, que xa deu razóns abondo, a que en cada sucursal teña unha persoa para cumprir ese papel cando xa o fixo con anterioridade, porque xa sabe que nós estamos agora solucionando un montón de cousas que non fixeron.

Respecto á caseta da Porta do Sol vostedes estiveron tres anos gobernando con esa chuvia, con eses vendavais, con esas colas e non se preocuparon en absoluto. Nós preocupámonos e imos resolvelo. Non se preocupe que isto estará resolto en moi pouco tempo e vostede coñece as xestións a prol diso.

O curioso é que ademais hai un segundo apartado que non quere contemplar pero eu creo que estamos obrigados ó rigor nos actos administrativos e se dá unha tarxeta gratuíta de pensionista, ten que archivar a documentación, ten que haber algún control pero iso non se pode facer en trinta sucursais de Caixanova.

O que está claro é que é absolutamente imprescindible facilitarlles as cousas ós cidadáns e iso é o que estamos a facer. Non se preocupe vostede polas colas na lonxa porque en moitas ocasións tamén indican o moito que está a facer este goberno. Eu cando vexo que na lonxa hai moita xente facendo colas normalmente preocúpome para saber para que son. En efecto, en ocasións hai colas para os empadroamentos, pero tamén hai moita cola porque hai moita actividade deste goberno e moita xente que ven presentar documentación para cousas que estamos facendo e o exemplo témolo na semana pasada coas viaxes dos balnearios. É unha satisfacción ver que hai cantidade de cidadáns que están utilizando os servizos que organiza este goberno e este Concello.

Non se preocupe que o tema das tarxetas do transporte público vai estar perfectamente resolto e a maioría dos cidadáns que veñen aquí non van ter ningún problema e ademais vaise facer con todo o rigor do mundo.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Gracias por lembrar que efectivamente o Concello colabora coa Deputación. Son dúas entidades e esa relación paréceme estupenda.

Para o empadroamento as colas son enormes, son para solicitar documentación segundo as necesidades de cada persoa e non debería haber colas, para iso puxeron os números da peixaría ou da carnizaría.

Xa sei, Sr. Calviño, que a vostede non lle interesa nada de isto porque a cidadanía non lle interesa, pero coido que aínda que outras persoas rin mentres fala alguén do lado contrario, vostede por educación non o debería facer pero sobre todo polo tema que estamos a tratar, estamos falando de persoas maiores, de "Pensionistas 1 e 2". Por favor píddolle ese rigor que vostede di que hai que ter.

Efectivamente pola Lei de protección de datos hai que ter rigor no tocante á documentación e así eu non traio as fotos coas caras das persoas, pero as Caixas teñen valixas, teñen correo interno que se traspasa entre Caixas e aí non hai problema de que estean todas concentradas nunha soa. Insisto en que as pensións non contributivas se cobran polas Caixas, o INSS ten entidades colaboradoras. Non é tan desatinado o que lle estamos propoñendo.

Volve novamente botarnos as culpas a nós, o outro día dicía que se equivocaran os funcionarios (vostede xamais), agora di que nos equivocamos nós, que vostede só leva dous anos. Sr. Calviño, non sei se se deu conta de que está vostede gobernando, se non o sabe facer déixenos a nós. Leva vostede dous anos con esas colas abaixo e agora, de súpeto, como nós presentamos a moción resulta que xa o van facer todo. A súa compañeira, Sra. Abelairas, no anterior Pleno dicíame en todo momento que non me aprobaba a moción e a última hora, porque alguén decidiu o contrario, votárona a favor. Por iso eu lle preguntaba se nestes momentos alguén podía interceder polas persoas maiores e dalgún xeito poñelas nunha situación de igualdade cos demais cidadáns e que non queden como cidadáns de segunda. Sen máis, reitero o meu pedimento de que pensen nas persoas maiores, “Pensionistas 1 e 2” e “Tarxeta Social” para que poidan solicitar as tarxetas en Caixanova.

(Está ausentes o Sr. López Font e a Sra. Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse, ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, solicitando se lle inste a Vitrasa a realizar as xestións encamiñadas a que todos os usuarios poidan solicitar as tarxetas a través de calquera oficina de Caixanova.

11.- (70).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Ó MINISTERIO DE INDUSTRIA A QUE POÑA EN MARCHA UN PLAN DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS NOVOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de abril de 2009, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Conde Gil, formula a

seguinte moción:

“A factoría PSA Peugeot Citroën en Vigo deixará de fabricar 4.000 vehículos ó mes debido ó descenso da venda de automóbiles, o que obrigou a revisar á baixa as previsións da compañía.

O sector da automoción aporta máis do 20% do PIB galego e ó redor do 40% das súas exportacións.

Prevese segundo a “Asociación Española de Fabricantes de Automóviles y Camiones (Anfac)” unha caída do mercado do 25%, fronte á anterior estimación do 20% de retroceso, e sitúa no 5,5% o descenso da produción, cando anteriormente prevía unha situación estable.

Ante a perspectiva existente, faise preciso incentivar a compra de vehículos para favorecer a fabricantes e concesionarios.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que se inste ó Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a que poña en marcha un plan de axudas á adquisición de vehículos novos, primando no seu caso a adquisición de vehículos fabricados nas fábricas situadas en España.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 20 de abril de 2009, tomou coñecemento da anterior moción

DEBATE.- SR. CONDE GIL: O tema de automoción é importante e máis en Vigo que noutros sitios, por iso traemos ó Pleno esta moción. O certo é que o sector da automoción aporta máis do 20% ó PIB galego e ó redor do 40% das súas exportacións. Esta cifra concentra fundamentalmente a actividade da fábrica do Grupo PSA Peugeot-Citroën en Vigo.

O arrefriamento do sector da automoción non só afecta ós fabricantes, senón que chegou tamén ós concesionarios de automóbiles cunha enorme caída de vendas e matriculacións. O sector da concesión emprega a un importante número de traballadores en Galicia e en Vigo cunha importante facturación. En toda Galicia operan, segundo datos do propio Instituto Nacional de Estatística, preto de 900 concesionarios que empregan a máis de 10.000 persoas polo que cremos que é un sector a ter en conta.

A situación do mundo da automoción estase volvendo crítica e así o vemos case decote nos medios de comunicación. Esixe a adopción pola parte do goberno de medidas extraordinarias que poidan axudar a paliar a grave situación na que se

poden atopar pequenas e medianas empresas do sector, así como os traballadores empregados nas mesmas e as súas familias.

Problemas extraordinarios esixen medidas extraordinarias, por iso traemos a este Pleno a presente moción pola que pedimos que se inste ó Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, dirixido por D. Miguel Sebastián, a que poña en marcha un plan de axudas para a adquisición de vehículos novos, primando no seu caso a adquisición de vehículos fabricados no noso país.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Na área de influencia da nosa cidade o sector do automóbil é algo moi importante para o emprego e para a actividade económica; isto é así na nosa comarca, en toda España e tamén na Unión Europea.

Cando en setembro do ano pasado detéctase que o sector do automóbil está a pasar graves dificultades, os países da Unión Europea reúnen para decidir como facer fronte a esa situación. Estamos a falar de setembro do ano pasado e agora estamos en abril

O goberno do Estado presidido por D. José Luís Rodríguez Zapatero reaccionou tan rápido que teño que dicir que se fixo un plan de integral de apoio ó sector do automóbil dotado de 4.000 millóns de euros, o segundo máis importante dos países da Unión Europea, co obxectivo de recuperar a actividade e o emprego que neste importante sector se xera e ó mesmo tempo conseguir manter o tecido industrial.

A empresa emblemática da nosa cidade, Citroën, mantivo unha reunión no Ministerio de Industria onde ademais dos representantes do Ministerio estiveron representantes da Consellería de Industria da Xunta de Galicia e tamén unha representación do Alcalde desta cidade. Nesta reunión anticipóuselle a Citroën por onde ían ir as axudas ó automóbil para que presentaran con tempo suficiente os seus plans. Estes plans presentáronse tanto por Citroën, como polas industrias fabricantes de compoñentes e isto fixo que a nosa factoría obtivese a maior axuda do sector do automóbil en España, concretamente máis de 71 millóns de euros. Polo tanto hai unha reacción rápida do Ministerio.

Pero é máis, xunto con estas axudas directas ás que nós lles damos un gran valor porque non se perden, van directamente ós traballadores, ás familias, incentivouse outro plan que é o Plan Vive; na Unión Europea acórdase que polas súas propias normas non se poden dar axudas de calquera forma, senón que teñen que iren ligadas a vehículos innovadores de eficiencia enerxética.

Para o ano 2009 dotouse ó Plan Vive con 700 millóns de euros, para o 2010 con 500 millóns de euros que se engaden ás axudas das que xa falei para industrias. Malia as críticas pola lentitude ou porque non son axudas directas, como é o caso de Alemaña, Italia, Francia, Reino Unido ou Portugal, quérolles dicir que ese Plan Vive, que vai dirixido fundamentalmente a particulares, a autónomos e a PYMES, é un plan que está sendo eficaz por canto preto dun de cada catro automóviles que se están a vender están acollidos a este Plan. É máis, neste primeiro trimestre vai gastado máis do 50% deses 700 millóns de euros e os propios fabricantes de automóviles están a dicir que de se esgotaren estes 700 millóns dentro do ano 2009, poñeríanse en marcha xa os 500 millóns previstos para o 2010 e así seguir a incentivar a venda de automóviles.

Ademais de favorecer a particulares, autónomos e a pequenas e medianas empresas, este Plan resolve tamén un problema que moitas veces estamos a poñer enriba da mesa para este e para outros casos: o do financiamento. Hai empresas que teñen dificultades co financiamento e con estas axudas resólvenlo. Son 2.000 euros de axuda directa.

Polo tanto, cando vostede pide na súa moción que se poña en marcha un plan de axudas para a adquisición de vehículos novos, quérolle dicir que xa hai un plan en marcha, o Plan Vive; ó mellor o que vostede quererá dicir que se poña outro máis en marcha por parte do Ministerio.

Repítolle que hai dous plans, un para axuda directa ós fabricantes de automóviles e para as industrias de compoñentes e outro para a adquisición de vehículos novos que están xa en marcha.

Sabemos de industrias de compoñentes da nosa cidade e da nosa comarca que recibiron axudas, igual que Citroën, das que están máis que satisfeitas. Moitas destas industrias de compoñentes non só fabrican para plantas de fabricación de automóviles radicadas en España, senón que tamén para plantas doutros países e afortunadamente non tiveron que acudir a ningún expediente de regulación de emprego, senón que a día de hoxe están mantendo unha actividade case con normalidade.

Con esta moción temos que ter moi claro que debemos esixir que se manteñan as axudas á industria e ás empresas de compoñentes, axudas directas que non se perden, axudas en investimentos, en desenvolvemento e en innovación. En definitiva, axudas para manter os postos de traballo, axudas para que as familias non

pasen dificultades. Polo tanto a esixencia do Partido Socialista e deste goberno municipal é que o goberno do Estado siga mantendo as axudas, que siga a favorecer un sector vital para todos.

De todos os xeitos eu querría engadir algo máis sobre o discurso que fan vostedes, señores do Partido Popular, cando falan de reducir gasto público. Cando vostede, Sr. Conde, preténdelle dicir ó Ministerio de Industria que poña un novo plan en marcha estalle dicindo que o poña con fondos públicos. Terán que aclararse polo tanto cando falan vostedes dun menor gasto público porque para unhas cousas si e para outras non. Hai que aclararse.

Ademais tamén fala na súa moción de que se prime no seu caso a adquisición de vehículos fabricados nas fábricas sitas en España. Isto é ilegal. Sería o mesmo que se as axudas que se están a conceder en Alemaña, Italia, Portugal, Reino Unido ou en Francia non contemplaran os vehículos fabricados en plantas españolas coma a de Citroën. Sr. Conde, dos vehículos saídos da fábrica de Citroën expórtanse o 88%, só se vende o 12% no mercado nacional. Fraco favor fariamos con ese proteccionismo ou non sei como lle chamar, un proteccionismo mal formulado. Chegados a ese punto, por que non pedimos que as axudas sexan para vehículos fabricados na planta de Vigo? Poderíamos chegaren a ese absurdo de pedir que só se axuden ós vehículos fabricados aquí.

Asinaron vostedes a moción o día 20. Eu teño aquí unhas declaracións dos días 21 e 22 do novo Conselleiro de Industria que ademais foi compañeiro desta Corporación e por iso tiña esa sensibilidade e creu o que o seu partido prometeu na campaña electoral. Anunciaba na prensa: "Aplicaremos 1.000 euros de axuda directa á compra de automóviles novos e rebaixas fiscais". O bo do Sr. Guerra creu o que prometían o Partido Popular e o Sr. Feixóo na campaña electoral e dixo iso ó día seguinte de presentaren vostedes a súa moción. Ó día seguinte o Sr. Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia, di o contrario, di que os cartos llos vai pedir ó goberno central. Que vai facer a Xunta de Galicia cuns orzamentos que son o 20% do PIB galego? En que os van gastar? Non dicían vostedes en campaña que ían axudar ós traballadores do automóbil e ás súas familias? Agora que o arranxe o Sr. Zapatero e de gobernaren vostedes no Estado que o arranxe o G-8 ou o G-20.

Eu pensaba que ían retirar ou cambiar a moción porque de verdade que o que expoñen aquí é un esperpento. Primeiro negan que xa existen axudas para compra de automóviles novos a particulares, autónomos e PYMES e en segundo lugar

negaren a responsabilidade da Xunta de Galicia e negar o que vostedes prometeron en campaña.

Aínda así, Sr. Conde Gil, ímoslles facer unha proposta para esta moción que coido que van estar de acordo. A proposta di o seguinte: “Que se inste ó Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a que revise a eficacia do actual Plan de axudas para adquirir vehículos novos, Plan Vive. Instar á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia a poñer en marcha as axudas directas de 1.000 euros e rebaixas fiscais anunciadas polo conselleiro de Industria e activalas de forma inmediata para a compra de vehículos novos vendidos na Comunidade Autónoma de Galicia”. Iso é o que lle propoñemos porque coido que é co que polo menos axudaríamos e paliaríamos esta situación que esperamos que sexa transitoria e que non nos leve moito máis aló no tempo.

SR. CONDE GIL: Primeiro, facer unha pequena corrección ó Sr. Rodríguez Díaz: O Presidente da Xunta de Galicia se chama Alberto Núñez Feijóo e non Feixóo; non sei de onde sacan agora esa transformación do seu nome.

Antes o Sr. Alcalde queixábase do moito que falara o meu compañeiro, Sr. González Sagarra, pero vostede non quedou curto e ademais, ó meu xuízo, cunha serie de incoherencias bastante importantes.

Vou empezar polo final dicindo que non vou admitir a modificación da moción porque non é o que traemos a este Pleno, nin tampouco é a proposta que no seu día fixo o Partido Popular e que ía moi clara no programa electoral no que se pedía precisamente que a Xunta de Galicia se encargase de instar ó órgano competente, que neste caso é o Ministerio de Industria do Sr. Sebastián, preocupado só das lámpadas -que por riba trae da China e semella que duran pouco- para a presentación dun novo Plan Prever para todo tipo de vehículos cunha antigüidade superior a dez anos co fin de obtiver esas axudas ás que facía referencia o noso compañeiro e actual Conselleiro de Industria e Economía, Sr. Guerra.

Di vostede que as cousas están moi ben e que o Plan Vive revive o sector da automoción. Eu creo que máis que o Plan Vive este é o “Plan morre”, porque a verdade é que semella que as cousas non van moi ben. España é o país europeo onde caen máis as vendas de coches que só crecen en Alemaña. As fábricas de coches elevan en marzo a produción que caeu un 40% no primeiro trimestre. Ford, Volkswagen e Renault recuperáronse o mes pasado mentres que Citroën-Vigo baixou

outro 36%. Esta foi unha nova do pasado venres día 24 e coido que é para se preocupar. “O Grupo PSA Peugeot-Citröen facturou un 25% menos durante o primeiro trimestre.

Falaba vostede que se nós estivésemos gobernando no goberno central reclamaríamos ó G-8 e ó G-20. Dende logo que o que non estariamos facendo e o que fan vostedes: mendigar, como fixo onte a Vicepresidenta primeira e Ministra de Economía e Facenda; mendigar un posto no G-20 ou como fixo anteriormente o Sr. Rodríguez Zapatero que non sabemos os pagamentos ós que nos vai comprometer.

O que si está claro é que teñen que recoñecer que o Plan Vive está equivocado. Non pasa nada, en política coma noutras ordes da vida todos temos dereito a equivocarnos e de recoñeceren a tempo o erro non pasa absolutamente nada se se arranxa.

Iso é precisamente o que propoñemos, pero o que non pode ser é que se estean dando unha serie de axudas directas que mesmo poden traer algún tipo de problema por parte da Unión Europea, que xa puxo en funcionamento os organismos competentes por veren se esas axudas directas que se lles están dando ás fábricas poden constituír un caso de dumping. O que está claro é que as fábricas o que queren é vender os coches, pero non só as fábricas, temos que ter en conta ós concesionarios de automóviles que, como dixen antes, empregan un número importante de persoas.

Por outra banda, vostede recoñeceu que en Alemaña, Francia, Italia, Reunido Unido e Portugal se están dando axudas directas ós consumidores para a adquisición de vehículos e fíxese que casualidade que en Francia e Alemaña estase recuperando a caída da venda de automóviles; por algo será. Claro, para vostedes, europeístas tan convencidos, como dicía o Sr. Rodríguez Zapatero, que se ve que agora se transformou, volveuse americano, mesmo o vídeo da campaña de promoción das eleccións europeas semella que é do Sr. Obama máis que do Partido Socialista Obrero Español; agora igual Europa non lles convence. Pero son moitos países, Alemaña, Francia, Italia, Austria , Portugal, Romanía, Luxemburgo e ata Chipre; tamén outros países como Grecia, Polonia, Hungría, República Checa e Bélxica están traballando para dar precisamente esas axudas. E non só as reclama o Partido Popular, sabemos que vostedes rexeitaron no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei do Partido Popular pola que se instaba precisamente a un novo Plan Prever. Tamén os maiores implicados, os empresarios do sector, reclaman ese Plan de axudas.

Para mostra de como funcionan as cousas o exemplo de Navarra que como saben ten Facenda propia: “En Navarra dóbranse as vendas de coches cun plan pioneiro de subvencións directas. As matriculacións creceron no que vai de mes un 9% respecto a hai un ano, mentres que en España o mercado se derruba un 44%”. Esa é a realidade, en toda Europa e tamén en Navarra as axudas directas están sendo favorables á venda de coches. O que está claro é que de producirse un incremento na venda de coches, prodúcese un incremento de fabricación da industria auxiliar porque isto é o da “pescada que se morde a cola” e así todos van ir en cadea favorecéndose.

Dicíame vostede que dar axudas directas para a adquisición de vehículos fabricados en España é unha ilegalidade; pois non é certo, documéntese mellor, lea o Tratado da Unión Europea que ten as súas excepcións en canto á concesión de determinadas axudas e que no caso dunha grave perturbación na economía dun Estado membro, como pode ser este, permitiríase ese tipo de axudas.

Tamén falou do financiamento e dos ERES pero é que non sabemos moi ben a que se refire porque os parados están aí e iso cun goberno do Partido Socialista. Por certo, vostede como sindicalista verá que os sindicatos están moi calados. Iso polo menos é curioso, outra cousa pasaría se estivese no goberno central o Partido Popular, maximo que xa estarían na rúa.

Insisto en que entendemos que se debe tratar ó enfermo, que se lle deben dar os medicamentos axeitados e non só facerlle transfusións porque ó final, aínda que di vostede que o que están facendo vai redundar nunha mellora, o caso é que non é así e ás novas aparecidas nos medios de comunicación hai que se remitir.

Citröen-Vigo baixou en vendas outro 36%. Coidamos que a situación é o suficientemente grave como para que se deixen vostedes de actitudes partidistas e se engadan ó carro de solicitarlle ó Ministro “das lámpadas” que non funcionan, a que se “poñan as pilas” (nunca mellor dito), que traballe por este país e que saquemos ó sector da automoción do caos no que se atopa sumido precisamente por non vender coches, que non por non os fabricar.

Aí é onde creo que deberíamos estaren todos xuntos, máis nunha situación coma a que vive Citröen que é o buque insignia da nosa cidade e como vigueses entendemos que debemos estar sempre ó carón dos pesos pesados da cidade.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu síntome moi orgulloso como sindicalista, sei de onde

procedo, identifícome cos meus compañeiros e compañeiras traballadores e sindicalistas e eles identifícanme coma un deles.

Xa que tanto estamos preocupados por Citroën, polos seus traballadores, polas familias que dependen do sector do automóbil, que pensa facer a Xunta de Galicia? Por que non cumpre co prometido? Por que o Sr. Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia, non cumpre cos 1.000 euros que prometeu e coas rebaixas fiscais? Que van facer vostedes con esa Consellería de Industria? Se non ten competencias elimínena e destinen o seu presuposto a outra cousa. Como agora gobernan e hai bo “rollo” que o arranxe o goberno central? Que competencias ten entón o Conselleiro de Industria, Sr. Conde Gil?

Vostede non se priva xamais de faltar ó respecto, co Alcalde, co anterior Presidente da Xunta, co Ministro de Industria; dálles igual, pero iso si, cando gobernan teñen bo “rollo”, din que van ser bos e que se van xuntar.

Pero agora, nesta actual situación de crise vostedes teñen unha responsabilidade, na Xunta de Galicia teñen unhas competencias. Ou é que no novo Estatuto de Galicia van renunciar a esas competencias? Que van facer o Conselleiro de Economía e Industria e o Presidente da Xunta, Sr. Feijóo, co sector do automóbil? Pedirlle ó Sr. Rodríguez Zapatero? Que pasa, que os Deputados do Partido Popular no Parlamento do Estado non llo piden xa? Os membros do goberno da Xunta de Galicia son Parlamentarios no Goberno central. Eu insístolle, Sr. Conde Gil, aínda que o queiran desvirtuar reitérolle que o goberno central fixo os seus deberes.

Nesta moción estamos dispostos a pedirilles que se revise a eficacia do Plan Vive. Isto queda dito. Na miña anterior intervención dicíalle que un de cada catro coches acolleuse a ese Plan Vive. Segundo, brindámonos para que xunta toda a Corporación lle pidamos á Xunta de Galicia que bote unha man a Citroën, ós seus traballadores e ás familias que dependen diso. Non van facer nada? Vanse poñer de costas, Sr. Conde Gil? Van quedar de costas á esta situación?.

Os propios concesionarios de Galicia pídenlle ó goberno da Xunta, xa non 1.000, senón 2.000 euros; que poña en marcha unha axuda de 2.000 euros para favorecer a venda de automóviles. Estanllo pedindo e vostedes, señores do Partido Popular, que van facer? Polo visto ó non aceptar o texto desta moción danlle as costas a Vigo, ós traballadores do sector do automóbil e ás familias que dependen deste importante sector. Nin nós, goberno municipal, nin o goberno central lles dá as costas, Sr. Conde Gil, aí estamos para axudar a saír da crise. Vostedes escorregan o vulto, prometen e

menten para chegaren a un goberno e logo non cumpren absolutamente nada do prometido.

SR. CONDE GIL: Sr. Rodríguez Díaz, está esquecendo que durante tres anos e medio estiveron gobernando na Xunta de Galicia en coalición co Bloque Nacionalista Galego. Nós levamos sete días e, queren que neste tempo teñamos xa feito un plan da automoción? Mal interpretan as verbas dun compañeiro porque semella que lle estivese facendo o pedimento a el. Ningún dos que estamos aquí gobernamos na Xunta de Galicia pero semella que lle están facendo un pedimento cando non leva nin unha semana no cargo. Vostedes estiveron tres anos mercando audis, viaxando en barco...

De todos os xeitos se non o teñen lles podo mandar o noso programa electoral que imos cumprir, onde respecto da automoción dise:

“A automoción é un dos sectores de máis éxito de Galicia, as empresas que o conforman están asociadas no cluster CEAGA artellado e consolidado en torno á factoría PSA-Citröen en Vigo. O cluster poderá servir, ademais de para manter o seu actual vencellamento coa planta de PSA-Citröen en Vigo, para acadar a consolidación de I+D+I galega na industria dos compoñentes da automoción.

Cada vez máis os elementos electrónicos e informáticos representan unha maior porcentaxe do valor dos vehículos e é nestes, diversificando a potencial demanda, onde o sector ten que procurar alternativas de crecemento no futuro.

O sector da automoción está a atravesar unha das peores crises, o que para Galicia resulta de enorme transcendencia dado peso do sector na nosa economía. O PPdeG, co fin de impulsar a pronta recuperación da industria do automóbil mediante a reactivación dunha demanda fortemente contraída, está a impulsar a adopción, entre outras, das seguintes medidas:

- Supresión durante dous anos do imposto de circulación para todo tipo de vehículos, presentación dun novo Plan Prever para todo tipo de vehículo de antigüidade superior a dez anos.
- Calquera vehículo con antigüidade superior a dez anos obterá 1.000 euros para vehículos novos, 500 euros para vehículos de segunda man e 1.000 euros para vehículos industriais.
- Aprazamento do pagamento durante dous anos das cotizacións sociais dos traballadores de concesionarios de automóviles, empresas fabricantes e auxiliares do sector da automoción.
- Creación dunha liña ICO para que as empresas poidan renovar o seu parque de vehículos industriais. Recuperación da dedución por I+D do imposto de sociedades eliminada polo goberno actual.”

Estas medidas estanse referindo ó goberno central porque é precisamente quen ten

as competencias para o facer e non a Xunta de Galicia. Á parte o primeiro que terá que analizar o goberno no seu caso, é como deixaron as arcas da Xunta, antes de aprobar planes haberá que ver o que fixeron vostedes cos cartos e non me fale de incumprimentos porque non hai aquí nin unha soa proposta que sexa irrealizable.

O Sr. Alcalde dicía: “Levar Vigo ó lugar que lle corresponde”. Se empezamos a enumerar todos os incumprimentos non nos dá a semana. Ademais vostede se está a lucir co Plan de emprego.

A PRESIDENCIA: Estamos co tema da súa proposta, tente centrarse.

SR. CONDE GIL: Estou moi centrado, non se preocupe, Sr. Alcalde, estouno máis do que pensa, os que non o están son vostedes. Están preocupados porque chegamos á Xunta de Galicia e están facendo unha serie de cousas que terei que rebater.

A PRESIDENCIA: Continúe e remate, por favor.

SR. CONDE GIL: O que está claro é que a automoción vai mal, que se demostrou noutros países cal é o camiño a levaren e que o Goberno do Sr. Rodríguez Zapatero, o Sr. Alcalde e o Partido Socialista están obstinados en unirse a Obama e estanse esquecendo do europeísmo. Casualmente en Europa, Alemaña, Francia e outros países, o mercado da venda de automóviles estase recuperando polas axudas directas.

Iso é o que pedimos, que o Ministerio de Industria que dirixe D. Miguel Sebastián, que non sei por que di que o insultei, sinxelamente constatei unha realidade por que prometeu unhas lámpadas que, por certo, nin eu nin os meus compañeiros recibimos, non sei cando as recibiremos pero o que está claro é que esas lámpadas nin sequera están fabricadas en España, fábrícanse en China e funcionan mal. Ese é un dato obxectivo que podemos ver en calquera medio de comunicación.

Xa lle dixen que haberá que ver onde está a ferida e curala, pero non poñer máis sangue a alguén que está moi enfermo porque morrerá e así se prexudicará todo o tecido industrial de España.

(Está ausentes o Sr. López Font e a Sra. Porro Martínez)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Lago Rey, López Atrio, López Carreira, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e doce votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez e Muñoz Posse, ACÓRDASE:

Rexeitar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, solicitando se inste ó Ministerio de Industria a que poña en marcha un plan de axudas para a adquisición de vehículos novos.

12.- (71).- ROGOS E PREGUNTAS

- * PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR, SRA. MOLARES PÉREZ, RELATIVA Á CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE CONTROL DA CONTRATACIÓN.

INTERVENCIÓN DA SRA. MOLARES PÉREZ: O pasado mes de agosto presentamos unha moción a este Pleno para instar a constitución dunha Comisión de Control da Contratación con dous obxectivos fundamentais, por unha banda garantir os principios de acceso ás licitacións como son os de publicidade e transparencia segundo establece a Lei de Contratos e en segundo lugar nunha situación de crise como a actual coidabamos necesario un gasto eficiente e polo tanto garantir a través desta comisión a estabilidade orzamentaria e tamén o control do gasto.

Lembrarán todos que malia que o Sr. López Font, defensor desa moción pola banda do goberno, fixo un discurso en contra da procedencia da constitución desa comisión, finalmente coido que polas valoracións efectuadas polo Bloque Nacionalista Galego, socio do goberno, votouse por unanimidade de todos os membros deste Pleno.

No mes de setembro solicitáronlle ó Partido Popular que enviáramos os membros para esa comisión, pero pasaron oito meses, estamos no mes de abril e esa comisión non se constituíu.

Non é a primeira vez que se incumpren mocións aprobadas por unanimidade, recentemente vímolos con temas relacionados coa Federación veciñal. Vemos que hai

un claro incumprimento de acordo plenario de constitución desta comisión e tamén consideramos que hai un atranco para que a oposición exerza o seu labor de control do goberno.

Polo tanto neste Pleno preguntámonos se pola parte do goberno e do Sr. Alcalde hai a vontade de cumprir esta moción e convocar a comisión e en segundo lugar cando se vai constituír. Cremos fundamental esta comisión porque neste momento dende a oposición non temos acceso a todas as contratacións que se fan sobre todo cando se trata de gastos menores. Coidamos fundamental este control e ademais é un acordo plenario e esiximos o seu cumprimento.

A PRESIDENCIA: Votouse porque cada un dos membros deste Pleno decidiu votar. Cando nunha votación dáse a unanimidade é porque os vinte e sete membros estamos de acordo en votar iso, cada quen coa súa decisión e coa súa responsabilidade política.

Esa comisión, que non é máis que un complemento á total e absoluta transparencia que hai neste Concello, constituirase de forma inmediata.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e quince minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL ACCTAL. DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

Manuel Xosé Lorenzo Penela.